

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 20 de xullo de 2017

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández
D. Carlos López Font

Invitados

D. Javier Pardo Espiñeira
D. José Manuel Fernández Pérez
D^a. Ana Laura Iglesias González
D. Santos Hector Rodríguez Díaz

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e vinte e cinco minutos do día vinte de xullo de dous mil dezasete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e a interventora xeral adxunta, Sra. Gómez Corbal.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(723).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 26 de xuño de 2017. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(724).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR CORRESPONDENTES AO SEGUNDO TRIMESTRE 2017. EXPTE. 15189/101.

Dáse conta do informe-proposta do 14/07/17, da xefa do departamento administrativo da Alcaldía, conformado polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal:

"En cumprimento da instrución da base 31º de execución do orzamento en vigor, dáse conta dos expedientes de gasto menor tramitados pola Alcaldía, no segundo trimestre do ano 2017.

| EXPTE. | DATA | CONCEPTO | APLICACIÓN ORZAMENTARIA | Nº OPERACIÓN | IMPORTE | TERCEIRO |
|-----------|----------|--|-------------------------|--------------|-------------|---|
| 14916-101 | 07/04/17 | PROGRAMAS ALCALDÍA | 9120.2279905 | 35431 | 21.778,79 € | Alcaldía |
| 14917-101 | 07/04/17 | PUBLICIDADE XERAL | 9121.2260203 | 35432 | 21.778,79 € | Alcaldía |
| 14754-101 | 21/04/17 | DIFUSIÓN PROGRAMACIÓN "OS NOSOS MAIORES" | 9120.2260200 | 39733 | 4.162,40 € | Faro de Vigo SAU |
| 14955-101 | 21/04/17 | DIFUSIÓN PROGRAMACIÓN "SUPLEMENTO ZONAS VIVAS" | 9120.2260200 | 39738 | 3.087,32 € | Rias Baixas Comunicación SA |
| 14957-101 | 04/05/17 | ACORDO PATROCINIO "I FORO DE EDUCACIÓN" | 9120.2279905 | 44512 | 18.150,00 € | Faro de Vigo SAU |
| 14964-101 | 28/04/17 | SERVIZO ALUGUER DE EQUIPOS SON "ACTO CASA DO PATIN" | 9120.2050000 | 43479 | 363,00 € | Sonido Collazo SL |
| 14968-101 | 28/04/17 | CAMPAÑA PUBLICITARIA "FOMENTO DO DEPORTE" | 9120.2260200 | 43559 | 9.075,00 € | Rias Baixas Comunicación SA |
| 14969-101 | 28/04/17 | DESEÑO,DECORACIÓN ,MONTAXE ELEMENTOS ORNAMENTAIS PROMOCIÓN DA CIDADE | 9120.2279910 | 43563 | 21.054,00 € | Ecovigo Publicidad SL; Corporaciones de Comunicaciones SL |
| 14970-101 | 28/04/17 | CONTRATO PRIVADO ACTUACIÓN MUSICAL ACTO INSTITUCIONAL CASA DO PATÍN | 9120.2260901 | 43795 | 363,00 € | Agrupación Centros Deportivos e Culturais de Vigo |
| 14973-101 | 03/05/17 | DINAMIZACIÓN ENTORNO DE BALAÍDOS ILUMINACIÓN ARTISTICA | 9120.2279905 | 44973 | 7.199,50 € | Imesapi SA |
| 14977-101 | 08/05/17 | BANDO DIAS DAS LETRAS GALEGAS | 9121.2260200 | 45995 | 11.700,70 € | Faro de Vigo SAU, La Voz de Galicia SA, Rias Baixas Comunicación SA |
| 14978-101 | 08/05/17 | TRABALLOS TÉCNICOS PARA BANDO DAS LETRAS GALEGAS | 9120.2279910 | 45996 | 665,50 € | Ecovigo Publicidad SL |
| 15001-101 | 12/05/17 | DESEÑO,IMPRESIÓN DAS PUBLICACIÓNS DA FESTA DA XUVENTUDE | 9120.2279910 | 47289 | 5.069,90 € | Celta Artes Gráficas SL; Alma Creación Gráfica |
| 15014-101 | 22/05/17 | DIFUSIÓN PROGRAMACIÓN "CAMPAMENTOS DE VERÁN" | 9120.2260200 | 49122 | 21.156,59 € | Radio Vigo SAU,Iniciativas Audiovisuales SLU, Mediawave Grupo de Comunicación, Editorial Castrelos SL, -tresyuno Comuniación SL, Ciencia Galego Industrias Creativas SL, Uniprex SA, Radio Popular SA-Cope, Radio Blanca SL |
| 15036-101 | 02/06/17 | RETRANSMISIÓN CONCERTO CORAL CASABLANCA | 9120.2260200 | 54960 | 16.335,00 € | Iniciativas Audiovisuales SLU |
| 15039-101 | 02/06/17 | DIFUSIÓN ACTIVIDADES "DÍA MUNDIAL MEDIO AMBIENTE" | 9121.2260203 | 54961 | 7.249,72 € | Faro de Vigo SAU, Rias Baixas Comunicación SA |

| EXPTE. | DATA | CONCEPTO | APLICACIÓN ORZAMENTARIA | Nº OPERACIÓN | IMPORTE | TERCEIRO |
|-----------|------------|---|-------------------------|--------------|-------------|--|
| 15040-101 | 02/06/17 | TRABALLOS TÉCNICOS CAMPAÑA DÍA MUNDIAL MEDIO AMBIENTE | 9120.2279910 | 54962 | 786,50 € | Ecovigo Publicidad SL |
| 15053-101 | 07/06/17 | CONTRATO PRIVADO CONCERTO CORAL CASABLANCA | 9120.2260901 | 55781 | 5.000,00 € | Fundación Coral Casablanca de Vigo |
| 15061-101 | 08/06/17 | INSERCIÓNS PUBLICITARIAS PROMOCIÓN VEHÍCULO ELÉCTRICO | 9121.2260203 | 56109 | 605,00 € | Asociación Provincial Talleres Reparación Automóviles de la Provincia Pontevedra |
| 15064-101 | 08/06/17 | RETRANSMISIÓN DÍA DE GALICIA | 9120.2260200 | 56110 | 16.335,00 € | Iniciativas Audiovisuales Vigo SLU |
| 15073-101 | 12/06/17 | CAMPAÑA INFORMACIÓN CONCIERTO CORAL CASABLANCA | 9121.2260203 | 57754 | 20.015,22 € | Faro de Vigo SAU, Rias Baixas Comunicación SA, Radio Vigo SAU, Radio Popular SA-Cope, Uniprex SA |
| 15074-101 | 12/06/17 | MONTAXE E PRODUCCIÓN CONCIERTO CORAL CASABLANCA | 9120.2279910 | 56652 | 11.095,83 € | Sacaferro SL |
| 15077-101 | 13/06/17 | CONTRATACIÓN DE MEGAFONÍA CONCIERTO CORAL CASABLANCA | 9120.2279910 | 57002 | 8.427,34 € | Kachet Loxistica SA |
| 15093-101 | 21/06/17 | INSERCIÓN PUBLICITARIA DE PROMOCIÓN PROGRAMAS DE EMPREGO | 9121.2260203 | 59200 | 3.630,00 € | Ediciones Apuntes de la Sierra SL |
| 15100-101 | 21/06/2017 | TRABALLOS TÉCNICOS OPERA MADAME BUTTERFLY | 9120.2279910 | 59294 | 21.778,79 € | Alcaldía |
| 15104-101 | 21/06/17 | ACTUACIÓN MUSICAL ACTO CÍES 360 ° PATRIMONIO DE LA HUMANIDAD | 9120.2260901 | 59293 | 2.250,00 € | Asociación Orquesta Vigo 430 |
| 15105-101 | 21/06/17 | RETRANSMISIÓN SOLSTICIO DE VERÁN ILLAS CÍES | 9120.2279910 | 59295 | 6.413,00 € | Alfonsín Digital Lab SL |
| 15106-101 | 21/06/17 | TRABALLOS DE PRODUCCIÓN CÍES 360º | 9120.2279910 | 59297 | 1.895,47 € | Elvira Zapata Villa |
| 15107-101 | 21/06/17 | MEGAFONÍA E ILUMINACIÓN ACTO CÍES 360º | 9120.2279910 | 59298 | 5.541,80 € | Luz Puntual SL. |
| 15109-101 | 21/06/17 | COORDINACIÓN ACTOS CÍES 360º | 9121.2279910 | 59299 | 4.840,00 € | Ecovigo Publicidad SL |
| 15118-101 | 23/06/17 | RIAS BAIXAS COMUNICACIÓN 30 ANIVERSARIO (PROGRAMAS MUNICIPAIS POLITICA SOCIAL, EDUCACIÓN, VIGO VERTICAL) | 9120.2260200 | 62197 | 12.945,11 € | Rias Baixas Comunicación SA |
| 15119-101 | 23/06/17 | DIFUSIÓN PRAMACIÓN ACTIVIDADES FESTAS PARA NENOS | 9120.2260200 | 62198 | 10.020,31 € | Iniciativas Audiovisuales Vigo S.L.U., Radio Vigo SAU |

A Xunta de Goberno Local queda informada.

3(725).- CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN "ORQUESTRA VIGO 430", PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA "VIGO SINFÓNICO 2017". EXPTE. 1299/330.

Visto o informe xurídico do 11/07/17 e o informe de fiscalización 13/07/17, dáse conta do informe-proposta do 07/07/07, do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, conformado polo concelleiro-delegado de Cultura e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda:

"Con data 28 de xuño pasado, a ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430 presenta no Rexistro Xeral solicitude de subvención e a documentación ao respecto; por este motivo, con data 29 de xuño pasado, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente para a organización e realización do programa "VIGO SINFÓNICO 2017", e realizar un convenio con esta entidade para regulala, por importe de 100.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.489.00.08 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A **ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430** foi creada no ano 2005, coa premisa de crear un núcleo de corda de calidade para, xa a a partir do 2008, abordar progresivamente un repertorio sinfónico. A Orquestra está formada na súa maioría por músicos profesionais, e complétase con moitos do máis brillantes expoñentes da prolífica canteira musical que xera o Conservatorio Superior de Música de Vigo, favorecendo a súa integración no ámbito profesional.

PROGRAMA:

Domingo 22 de xaneiro, 19:00 h
Orquestra Sinfónica Vigo 430 con Paquito D´Rivera
Auditorio "Mar de Vigo"

Venres 24 de febreiro, 20:30 h
Orquestra Sinfónica Vigo 430 con Paco Varoch
Auditorio "Martín Codax" do CSM

Martes 28 de febreiro e mércores 1 de marzo, 19:00 h
Orquestra Xove Vigo 430
Auditorio "Martín Codax" do CSM

Sábado 18 de marzo, 20:00 h
Orquestra Sinfónica Vigo 430 con Anna Fedorova
Teatro Afundación

Domingo 26 de marzo, 12:00 h
Ensemble Vigo 430 con Rusanda Panfili
Auditorio "Martín Codax" do CSM

Mércores 12 de abril, 20:00 h
Orquestra Barroca Vigo 430 con Sara Ruíz e Guillermo Peñalver
Auditorio Municipal do Concello

Domingo 30 de abril, 12:00 h
Orquestra Sinfónica Vigo 430 con David Grimal
Auditorio "Martín Codax" do CSM

Domingo 14 de maio, 12:00 h
Orquestra Sinfónica Vigo 430 con Guillermo Pastrana
Auditorio "Mar de Vigo"

Venres 22 de decembro, 19:00 h
Orquestra Sinfónica Vigo 430 co Coro "Gli Appassionati"
Auditorio "Mar de Vigo"

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de 167.977,84 € (cento sesenta e sete mil novecentos setenta e sete euros con oitenta e catro céntimos), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 100.000 € (59,53 %)
- Aportación de socios e usuarios: 67.977,84 € (40,47%)

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación , presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Solicitud de subvención
- Proxecto e orzamento da actividade
- NIF do Presidente
- CIF da Asociación
- Estatutos da Asociación
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Facenda
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Capacidade legal do presidente da entidade
- Certificado exención de iva
- Póliza de seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento.

Neste sentido cabe subliñar que a póliza presentada abarca do 3 de xullo de 2017 ao 3 de xullo de 2018, polo que só incluíría o concerto pendente do 22 de decembro.

O apartado 9 da cláusula cuarta indica como obrigación da entidade asinante *"Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, ben asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento, ou ben respondendo directamente. Se fose o caso, A ENTIDADE entregará á Área de Cultura copia da póliza e do recibo do pagamento correspondente antes da sinatura do presente convenio"*. Por esta xefatura infórmase que na realización dos concertos xa

celebrados non consta a existencia de reclamación ningunha de danos e que, de habela, sería exclusivamente responsabilidade da entidade subvencionada o dar resposta á mesma polos seus propios medios.

- Escrito remitido pola **ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430** de aceptación do texto do convenio de colaboración relativo ao programa “VIGO SINFÓNICO 2017”, proposto polo Concello de Vigo.

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á **ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430**, para a organización e realización do programa “VIGO SINFÓNICO 2017”, obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á **ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430** deberá axustarse ao previsto no art.22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no presuposto do Concello de Vigo de 2017, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade ca actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrència para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á **ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430** ten como obxecto financiar a organización e realización do programa “VIGO SINFÓNICO 2017” e figura na partida 3340.489.00.08 “CONVENIO ORQUESTRA 430”, a concesión dunha subvención nominativa por importe de 100.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á **ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430** é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 100.000€ (cen mil euros) á **ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430**, CIF. G27743475, para o financiamento do programa “VIGO SINFÓNICO 2017”, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.489.00.08 “CONVENIO ORQUESTRA 430”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a **ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430** que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do programa “VIGO SINFÓNICO 2017”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

"PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430, RELATIVO Á ACHEGA DO CONCELLO PARA A ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA “VIGO SINFÓNICO 2017”.

En Vigo, _ de _____ de dous mil dezasete

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante **CONCELLERÍA**), e no seu nome e representación, *D. Cayetano Rodríguez Escudero*, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía e acordo da Xunta de Goberno Local, ambos de data 19 de xuño de 2015; con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo,

Doutra, *D. Francisco Javier Escobar Vidal*, na súa condición de presidente da **ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430** (CIF G27743475) , (en adiante a **ASOCIACIÓN**), con enderezo social na rúa Avda. de Fragoso, 31 - 9º B CP 36210 da cidade de Vigo, actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

I.- Que a **ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430** é unha entidade inscrita no Rexistro Central de Asociacións de Galicia e Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Vigo e, tal e como establecen os seus estatutos, ten como fins sociais “a promoción da música, e especialmente a música orquestral, a formación práctica do oficio orquestral e a realización e divulgación de actividades musicais”. A **ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430** foi creada no ano 2005, coa premisa de crear un núcleo de corda de calidade para, xa a partir do 2008, abordar progresivamente un repertorio sinfónico. Está formada na súa maioría por músicos profesionais, e complétase con moitos do máis brillantes expoñentes da prolífica canteira musical que xera o Conservatorio Superior de Música de Vigo, favorecendo a súa integración no ámbito profesional.

II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor de ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da **ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430**, como medio que é de promover a música na cidade.

III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.489.00.08, como subvención nominativa, a favor da **ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430**, a cantidade de 100.000 euros.

IV.- Que a **ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430** non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.

V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas de forma nominativa no orzamento da Administración concedente, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da concesión da subvención, que ten como obxecto a organización de devandito programa.

De conformidade ás precedentes consideracións e dado o interese común das partes asinantes nas que as dúas teñen intereses coincidentes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ASOCIACIÓN para desenvolver o programa “VIGO SINFÓNICO 2017”, que se detalla na documentación achegada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio.

SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentado pola ASOCIACIÓN, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de

167.977,84 € (cento sesenta e sete mil novecentos setenta e sete euros con oitenta e catro céntimos), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 100.000 € (59,53 %)
- Aportación de socios e usuarios: 67.977,84 € (40,47%)

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

*Domingo 22 de xaneiro, 19:00 h
Orquestra Sinfónica Vigo 430 con Paquito D´Rivera
Auditorio "Mar de Vigo"*

*Venres 24 de febreiro, 20:30 h
Orquestra Sinfónica Vigo 430 con Paco Varoch
Auditorio "Martín Codax" do CSM*

*Martes 28 de febreiro e mércores 1 de marzo, 19:00 h
Orquestra Xove Vigo 430
Auditorio "Martín Codax" do CSM*

*Sábado 18 de marzo, 20:00 h
Orquestra Sinfónica Vigo 430 con Anna Fedorova
Teatro Afundación*

*Domingo 26 de marzo, 12:00 h
Ensemble Vigo 430 con Rusanda Panfili
Auditorio "Martín Codax" do CSM*

*Mércores 12 de abril, 20:00 h
Orquestra Barroca Vigo 430 con Sara Ruíz e Guillermo Peñalver
Auditorio Municipal do Concello*

*Domingo 30 de abril, 12:00 h
Orquestra Sinfónica Vigo 430 con David Grimal
Auditorio "Martín Codax" do CSM*

*Domingo 14 de maio, 12:00 h
Orquestra Sinfónica Vigo 430 con Guillermo Pastrana
Auditorio "Mar de Vigo"*

*Venres 22 de decembro, 19:00 h
Orquestra Sinfónica Vigo 430 co Coro "Gli Appassionati"
Auditorio "Mar de Vigo"*

CUARTA.- OBRIGAS DE ASOCIACIÓN . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

–Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ASOCIACIÓN, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D^a. Ana María Novoa Diéguez.

–Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.

–Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade,

tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).

–Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.

–Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.

–Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través da páxina “vigocultura.org” e demais canles oficiais.

–Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

–A concesión da subvención á ASOCIACIÓN implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

–Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, ben asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento, ou ben respondendo directamente. Se fose o caso, A ENTIDADE entregará á Área de Cultura copia da póliza e do recibo do pagamento correspondente antes da sinatura do presente convenio.

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

- Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
- Xestionar o pagamento do importe da subvención (100.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes citados de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ASOCIACIÓN é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas

circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ASOCIACIÓN adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ASOCIACIÓN, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ASOCIACIÓN entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ASOCIACIÓN comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ASOCIACIÓN facilitará á Área de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).

Lingua de difusión e publicacións:

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ASOCIACIÓN polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de XXXXX euros.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- *Solicitud de pagamento da subvención, a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo, tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 30 de novembro de 2017.*
- *Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.*
- *Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:*
 1. *Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.*
 2. *Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.*
 3. *Memoria de prensa.*
 4. *Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.*
 5. *Reportaxe fotográfica.*
- *Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada (ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa).*
- *Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.*
- *As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ASOCIACIÓN como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.*
- *Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.*
- *Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.*

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que

resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporárase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2017 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ASOCIACIÓN é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ASOCIACIÓN para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ASOCIACIÓN. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ASOCIACIÓN e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2017, e non será prorrogable.

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados."

ANEXO I

ORZAMENTO DO PROGRAMA "VIGO SINFÓNICO 2017"

1.- GASTOS:

| | |
|-----------------------|---------------------|
| Gastos de persoal | 142.523,48 € |
| Gastos de explotación | 25.454,36 € |
| TOTAL GASTOS | 167.977,84 € |

2.- INGRESOS:

| | |
|---------------------------------|---------------------|
| Subvención Concello de Vigo | 100.000 € |
| Aportación de socios e usuarios | 67.977,84 € |
| TOTAL INGRESOS | 167.977,84 € |

4(726).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLA ÁREA DE CULTURA. XUÑO 2017. EXPTE. 1330/330.

Dáse conta do informe-proposta do 13/07/17, do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, conformado polo concelleiro-delegado de Cultura:

"En cumprimento das instrucións da base 31º das de execución do presuposto en vigor, dáse conta dos expedientes de gasto menor tramitados polo **servizo da Área de Cultura**, no mes de **XUÑO de 2017**.

SERVIZO: Área de Cultura

| Nº EXP. | CONCEPTO | ADXUDICATARIO-CIF/NIF | IMPORTE |
|----------------|---|--|----------------|
| 1247/330 | CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE COMUNICACIÓN E DIFUSIÓN XERAL DO FESTIVAL DE JAZZ "IMAXINA SONS 2017" | VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, S.L. (B36917201) | 19.511,25 € |
| 1269/330 | CONTRATACIÓN DOS CONCERTOS DOS ARTISTAS "URI CAINE TRIO" E "MAR DUCRUET TRIO", NO AUDITORIO MUNICIPAL, DENTRO DO FESTIVAL DE JAZZ DE VIGO "IMAXINA SONS'17" | ASSOCIACIO CULTURAL ARCO Y FLECHA (G65910721) | 18.900,20 € |
| 1270/330 | CONTRATACIÓN DOS CONCERTOS DOS ARTISTAS "ALEXANDER VON SCHILPPENBACH" E "YUVISNEY AGUILAR" DENTRO DO FESTIVAL DE JAZZ DE VIGO "IMAXINA SONS'17" | ACL BOOKING S.L. (B87552360) | 15.306,50 € |
| 1278/330 | CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE TRANSPORTES INTERNOS, ALOXAMENTOS E MANUTENCIÓN DOS/AS ARTISTAS PARTICIPANTES NO FESTIVAL DE JAZZ "IMAXINA SONS'17" | VIAJES AIRBUS GALICIA SA (A36114726) | 7.051,00 € |
| 1281/330 | CONTRATACIÓN DE TRES CONCERTOS NO SALÓN DE ACTOS DO MARCO, DENTRO DO FESTIVAL DE JAZZ DE VIGO "IMAXINA SONS'17" | SOLIMUSIC EVENTS SLU (B27793728) | 4.537,50 € |
| 1282/330 | CONTRATACIÓN DO CONCERTO DO ARTISTA "XAN CAMPOS ESD", NA RÚA LONDRES, DENTRO DO FESTIVAL DE JAZZ DE VIGO "IMAXINA SONS'17" | SOLIMUSIC EVENTS SLU (B27793728) | 4.840,00 € |
| 1286/330 | CONTRATACIÓN DS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS DO FESTIVAL DE JAZZ DE VIGO "IMAXINA SONS'17" | SACAFERRO S.L. (B27704980) | 14.967,70 € |
| 1289/330 | CONTRATACIÓN DE TRES CONCERTOS NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO DENTRO DO FESTIVAL DE JAZZ DE VIGO "IMAXINA SONS'17" | PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL S.L. (B36743755) | 19.468,90 € |
| 1292/330 | CONTRATACIÓN DOS EQUIPOS DE SON E ILUMINACIÓN PARA OS CONCERTOS E ACTIVIDADES DO FESTIVAL DE JAZZ IMAXINA SONS'17 | KACHET LOXÍSTICA DO ESPECTÁCULO, S.A. (A15422892) | 9.099,58 € |
| 1293/330 | CONTRATACIÓN DO BACKLINE (INSTRUMENTACION) PARA OS CONCERTOS E ACTIVIDADES DO FESTIVAL DE JAZZ IMAXINA SONS'17 | VACALINE S.L. (B15980097) | 7.000,52 € |
| 1294/330 | CONTRATACIÓN DE INFRAESTRUCTURA E PERSOAL AUXILIAR DE PRODUCCIÓN TÉCNICA PARA OS CONCERTOS E ACTIVIDADES DO FESTIVAL DE JAZZ IMAXINA SONS'17 | LUZ PUNTUAL S.L. (B15793433) | 20.674,36 € |

A Xunta de Goberno Local queda informada.

5(727).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR REALIZADOS POLO SERVIZO DE MUSEOS MUNICIPAIS. XUÑO-2017. EXPTE. 1930/341.

Dáse conta do informe-proposta do 13/07/17, do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, conformado polo concelleiro-delegado de Cultura:

En cumprimento coa base 31 das de execución do orzamento para o ano 2016, o concelleiro-delegado da Área de Cultura, D. Cayetano Rodríguez Escudero, dá conta á Xunta de Goberno Local, dos expedientes de gasto menor tramitados polo Servizo de Museos Municipais (341), Verbum (340) e Museos Quiñones de León (337) no mes de XUÑO, e que son os que deseguido se relacionan:

XUÑO 2017

| CENTRO OU SERVIZO | CONCEPTO | DATA | IMPORTE |
|----------------------|---|----------|------------|
| SERVIZO MUSEOS (341) | Expte. 1913/341. Produción e deseño de material gráfico para a exposición sobre Manuel Rodríguez López na Casa Galega da Cultura. ECOVIGO PUBLICIDAD, S.L. RCM 58315. | 19/06/17 | 1.046,90 € |
| SERVIZO MUSEOS (341) | Expte. 1919/341. Deseño de material gráfico da "Exposición Noite Branca 2017". ANXO XABIER FARIÑA TEMPRANO. RCM 61993. | 22/06/17 | 2.196,15 € |
| SERVIZO MUSEOS (341) | Expte. 1918/341. Redación de proxecto de comisariado da "Exposición Noite Branca 2017". XOSÉ MANUEL BUXÁN BRAN. RCM 61992. | 22/06/17 | 3.000,00 € |
| SERVIZO MUSEOS (341) | Expte. 1918/341. Redación de proxecto de comisariado da "Exposición Noite Branca 2017". XOSÉ MANUEL BUXÁN BRAN. RCM 61992. | 30/06/17 | 3.361,92 € |
| MUSEO QUIÑONES (337) | Expte. 6048/337. Restauración do marco da obra "A anunciación" de Francisco Antolínez pertenciente ao Museo Nacional do Prado no Museo Quiñones de León. BIC MATERIALES Y CONSERVACIÓN, S.L. RCM 57538. | 14/06/17 | 1.098,55 € |
| MUSEO QUIÑONES (337) | Expte. 6043/337. Reserva xenérica de crédito para subministración de material diverso para o Museo. RCM 56629. | 12/06/17 | 1.500,00 € |
| MUSEO QUIÑONES (337) | Expte. 6000/337. Contratación dun servizo de transporte especializado do material arqueolóxico exposto na mostra "Emporium. Mil anos de comercio en Vigo". ARTECOM, S.L. RCM 57537. | 14/06/17 | 2.165,90 € |

| | | | |
|----------------------|--|----------|------------|
| MUSEO QUIÑONES (337) | Expte. 6042/337. Reserva xenérica de crédito para contratación de estudos e traballos técnicos. RCM 56627. | 12/06/17 | 1.500,00 € |
| MUSEO QUIÑONES (337) | Expte. 6045/337. Reserva xenérica de crédito para contratación de traballos especializados. RCM 56631. | 12/06/17 | 3.000,00 € |

A Xunta de Goberno Local queda informada.

6(728).- CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS ORIENTADAS A POTENCIAR PROGRAMAS DE PARTICIPACIÓN DE DEPORTISTAS DA CIDADE EN COMPETICÍONS OFICIAIS DE ALTO NIVEL NA TEMPORADA DEPORTIVA 2016-2017. EXPTE. 16142/333.

Visto o informe xurídico do 26/06/17 e o informe de fiscalización do 29/06/17, dáse conta do informe-proposta do 12/07/17, do director deportivo-xefe ud.técnica, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda:

"Co obxecto de dar continuidade á tramitación do expediente nº 16142/333 sobre as Bases e a Convocatoria específica para potenciar a participación de deportistas da cidade de Vigo en competicións oficiais de alto nivel na tempada deportiva 2016/2017, e tendo en conta o informe de fiscalización emitido pola Intervención do Concello de Vigo de data 29 de xuño de 2017, procédese a informarse sobre as consideracións detalladas no dito informe de Fiscalización e á modificación da proposta atendendo ás observacións realizadas no mesmo e que a continuación se detallan:

- Deben corrixir o apartado terceiro da proposta do acordo, xa que a aprobación das bases supón a autorización do crédito, pero non a súa disposición, que procederá coa proposta de adxudicación de subvencións.
 - Sobre esta observación, procedeuse á corrección da proposta de acordo.
- Deben incorporarse ao expediente o Anexo II.3 previsto na base 16ª.
 - Procedeuse a incorporar o dito Anexo II.3.
- Deben corrixir a numeración dos Anexos I.3, I.4 e I.5 das Entidades, xa que se corresponden co contido dos Anexos I.2, I.3 e I.4 previsto na base 11ª.
 - Corrixíuse a numeración tal como se esixe no informe de fiscalización.
- Deben corrixir o prazo de presentación de solicitudes, xa que a previsión de 15 días hábiles da base 10ª non coincide coa de 20 días naturais do apartado 5º da convocatoria e do extracto.
 - Corrixíuse o prazo de presentación de solicitudes.

Por todo o exposto, procédese á modificación da proposta considerando e atendendo ás observacións detalladas:

–Antecedentes:

A actividade deportiva en Vigo, no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación, tanto á participación de entidades deportivas de todas as facetas do deporte, como á participación dos e das deportistas da cidade de Vigo en competicións da máis alta esixencia de rendemento deportivo.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes, atopámonos cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axudas ó desenvolvemento do deporte nas súas distintas manifestacións e a consolidación destes proxectos deportivos que xera a cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e cidadás.

Os obxectivos xerais destes proxectos de subvencións responden ó desexo de xerar sinerxías orientadas a potenciar proxectos comúns para a cidade de Vigo e propicien a potenciación de colaboracións no ámbito social, destacando no proxecto:

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A búsqueda dunha personalidade propia e definida de acción, en base ós principios do compromiso da sociedade sobre os valores do deporte.
- A mellora dos recursos destinados á dinamización do deporte de alto nivel en todos os aspectos é un aspecto fundamental polo que este representa como exemplo para a mocidade.
- A colaboración no financiamento e ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica da actividade deportiva ata o nivel do alto rendemento.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten con referencias de proxectos deportivos de continuidade e futuro no seu entorno.
- Contribuír a que os deportistas e as deportistas vigueses máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de cara a consolidar a imaxe deportiva de Vigo.

En relación cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axudas ós deportistas da cidade de Vigo que participan en competicións do máis alto nivel, os vixentes orzamentos do Concello de Vigo para o ano 2017 consignan, na partida orzamentaria 3410.480.00.00 "Axudas a deportistas individuais de elite", un crédito por un importe total de 50.000,00€ (cincuenta mil euros), que o Concello de Vigo a través da Concellería de Deportes pretende destinar á actuación de colaboración na financiamento dos gastos ocasionados pola participación dos e das deportistas da cidade de Vigo en competicións oficiais de alto nivel durante a tempada deportiva 2016/2017.

O obxecto da proposta de subvención é potenciar a participación de deportistas da cidade de Vigo en competicións oficiais de carácter de alto nivel no período comprendido entre o 1 de setembro de 2016 e o 30 de agosto do 2017.

O obxecto desta convocatoria ven a desenvolver as actuacións de promoción do deporte en beneficio do desenvolvemento deportivo local, definidas no ámbito do artigo 25.2. apartado l) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, e así mesmo, dita actuación atópase recollida no ámbito das competencias definidas para os municipios no artigo 8 apartados 2 e 9, da Lei 3/2012 de 2 de abril del deporte de Galicia.

Con carácter previo ao outorgamento das subvencións deberán aprobarse as bases reguladoras de concesión da subvención nos termos establecidos na Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e proceder a súa convocatoria.

Así mesmo, atendendo ó establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado

20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e tendo en conta a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións e o traslado do seu extracto ao diario oficial correspondente, deberá aprobarse o texto do extracto e da convocatoria de subvencións que se remitirán á Base de Datos Nacional de Subvencións, e que se anexan ó expediente. Considerando tales preceptos legais, adxúntanse como anexos na proposta de aprobación o texto da convocatoria e o extracto da mesma tanto en castelán como lingual oficial do Estado como en Galego (Anexos III.1, III.2, IV.1 e IV.2 respectivamente), tal como establece o punto cuarto da Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións.

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

A lexislación aplicable ás bases reguladoras e convocatoria específica destas subvencións será a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2017; así como as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobación das bases reguladoras para a concesión de subvencións orientadas a potenciar a participación de deportistas da cidade de Vigo en competicións de alto nivel durante a tempada deportiva 2016/2017.

SEGUNDO: Aprobación do texto da convocatoria para a concesión de subvencións orientadas a potenciar a participación de deportistas da cidade de Vigo en competicións de alto nivel durante a tempada deportiva 2016/2017 e do extracto da mesma, que se remitirán á Base de Datos Nacional de Subvenciones, en base ó establecido na *Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións*.

TERCEIRO: Autorizar o crédito de 50.000,00 € (Cincuenta mil Euros) con cargo á partida orzamentaría 3410.480.00.00 "Axudas a deportistas individuais de elite" do vixente orzamento.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

“BASES ESPECÍFICAS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE SUBVENCÍONS ORIENTADAS A POTENCIAR PROGRAMAS DE PARTICIPACIÓN DE DEPORTISTAS DA CIDADE DE VIGO EN COMPETICÍONS OFICIAIS DE ALTO NIVEL NA TEMPADA DEPORTIVA 2016/2017

O obxecto destas bases ven a desenvolver as actuacións de promoción do deporte en beneficio do desenvolvemento deportivo local, definidas no ámbito do artigo 25.2. apartado I) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, e así mesmo, dita actuación atópase recollida no ámbito das competencias definidas para os municipios no artigo 8 apartados 2 e 9, da Lei 3/2012 de 2 de abril del deporte de Galicia.

En relación cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte en beneficio do desenvolvemento deportivo local, a través do apoio, difusión e axudas ós e ás deportistas da cidade de Vigo, os vixentes orzamentos do Concello de Vigo consignan, na partida orzamentaria 3410.480.00.00 “Axudas a deportistas individuais de elite”, un crédito por un importe total de 50.000,00 € (Cincuenta mil Euros); crédito orzamentario que o Concello de Vigo, a través da Concellería de Deportes, destina a colaborar na financiamento de programas de participación de deportistas da cidade de Vigo en competicións oficiais de alto nivel.

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

As bases que seguen teñen por obxecto regular a concesión destas subvencións e iniciar o procedemento para a dita concesión.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

O obxecto das subvencións a que se refiren as presentes bases é potenciar a participación de deportistas da cidade de Vigo en competicións oficiais de alto nivel no período comprendido entre o 1 de setembro de 2016 e o 30 de agosto do 2017.

SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES.

Serán gastos subvencionables os que de xeito determinado estean vinculados directamente con conceptos relacionados coa participación dos e das solicitantes en competicións de carácter oficial federado de alto nivel incluídas nas categorías detalladas no apartado sétimo das bases. En xeral serán subvencionables todos os gastos ocasionados derivados directamente da participación en competicións oficiais federadas de alto nivel (Desprazamentos-combustible desprazamento, alquiler vehículos, billetes de transporte-, aloxamento, manutención).

As subvencións teñen un carácter único e, aínda que se poda valorar a participación dos/das deportistas en varias competicións, enténdese que o total da subvención é polos gastos xerados pola actividade realizada entre o 1 de setembro de 2016 e o 30 de agosto de 2017.

TERCEIRA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 50.000,00 € (Cincuenta mil Euros) que se farán efectivas con cargo á partida orzamentaria 3410.480.00.00 “Axudas a deportistas individuais de elite”. Poderán outorgarse subvencións superando esta contía sen nova convocatoria cando se dean as circunstancias previstas no artigo 31.2 da Lei de subvencións de Galicia.

CUARTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN.

1.- Estas subvencións serán compatibles con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade, procedente de calquera outra administración, ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

2.- O/A beneficiario/a deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

3.- En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

QUINTA. - REQUISITOS DOS/AS BENEFICIARIOS/AS.

- 5.1.- Poderán solicitar unha subvención:
 - Deportistas de forma individual (ou os seus representantes legais no caso de menores de idade) que cumpran os requisitos establecidos nas bases da convocatoria.
 - Entidades deportivas en representación dos/das deportistas individuais vinculados/as con elas incluídos nos seus programas de participación en competicións de alto nivel, e que cumpran cos requisitos establecidos nas bases da convocatoria.
- 5.2.- Os/As solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incursos en prohibición para ser beneficiario da subvención das previstas no citado artigo para o que se esixirá aos solicitantes unha declaración de non estar incursos nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10 da Lei 9/2007.
- 5.3.- Acreditarán acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e para coa Seguridade Social mediante a presentación das certificacións ás que se refire o artigo 22 do RD 887/2006, 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- 5.4.- Autorizan á Comisión avaliadora a solicitar ós departamentos responsables, e comprobar de oficio, os datos e a documentación que acredite que se achán ao corrente das súas obrigas Tributarias coa Axencia Tributaria e o Concello de Vigo. Entenderase que o solicitante, ao presenta-la solicitude de subvención, consente tal extremo.
- 5.5.- En calquera dos casos, entenderase que o/a solicitante, ao presenta-la solicitude de subvención, autoriza á comisión avaliadora para solicitar e comprobar de oficio os datos e certificados acreditativos necesarios ós departamentos administrativos responsables.
- 5.6.- Requisitos específicos para Deportistas solicitantes:
 - Estar empadroado na cidade de Vigo como mínimo desde xaneiro do 2016, e ter licenza federativa no ano 2017 ou da tempada 2016/2017, segundo o caso, vinculada a unha entidade deportiva sen ánimo de lucro con sede social na cidade de Vigo, con carácter previo á publicación da convocatoria.
 - Competir como deportista dunha modalidade deportiva individual, participando de xeito individual, en parella ou trío.
 - Non estar cumprindo sanción disciplinaria ou administrativa en materia deportiva de carácter grave ou moi grave.
 - Cumprir un dos seguintes requisitos:
 - Estar recoñecido/a pola Secretaría Xeral para o deporte como deportista galego/a de alto nivel segundo a última lista publicada no DOG no momento da finalización do prazo para a presentación da solicitude de subvención.
 - Estar clasificado na fase nacional previa ó campionato obxecto da solicitude de subvención.

- No caso de que a competición dependa de Ranking, que o/a deportista estea clasificado/a entre o 20% dos mellores deportistas do Ranking nacional da modalidade.
 - No caso de deportistas discapacitados, admitirase a certificación emitida pola federación nacional que acredite que o solicitante está considerado de alto nivel na modalidade ou, no seu defecto, a invitación formal ó campionato do que se trate, na que se acredite que a invitación é o sistema de acceso ó campionato.
- 5.7.- Requisitos específicos para entidades solicitantes:
 - Que os/as deportistas integrados/as no programa obxecto da solicitude cumpran os requisitos establecidos no apartado 5.6 e non haxan solicitado a axuda de forma individual polo mesmo obxecto no ámbito desta mesma convocatoria de subvencións.
 - Poderán solicitar e obter estas axudas os clubs deportivos, asociacións e agrupacións deportivas, e entidades deportivas que teñan o seu enderezo social en Vigo, teñan personalidade xurídica propia, carezan de ánimo de lucro, cumpran os requisitos que establecen as presentes bases e convocatoria, e desenvolvan un programa específico de competición de alto nivel orientado a deportistas individuais, parellas ou tríos con ficha federativa vinculada á entidade durante a tempada deportiva 2016/2017 ou no ano 2017 segundo o caso.
 - Quedan excluídas expresamente de esta convocatoria:
 - As federacións deportivas.
 - Os clubs pertencentes ou integrados en institucións oficiais.
 - As entidades deberán estar integradas en competicións oficiais ou campionatos organizados polas federacións deportivas, e sen ter consideración de club ou equipo profesional.

SEXTA.- OBRIGAS DOS/DAS BENEFICIARIOS.

1.- Serán obrigas dos/das beneficiarios/as das subvencións, ademais das previstas nestas bases e convocatoria e das sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia, as que seguen:

- Realizar a actividade deportiva subvencionada consonte co proxecto presentado coa solicitude, deixando constancia da financiamento municipal en calquera actividade coa inclusión da imaxe corporativa oficial.
- Responder da veracidade dos datos da solicitude, baixo a persoal responsabilidade da persoa que subscriba a solicitude.
- Dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada en calquera actividade ou evento no que participe ó longo do ano 2017.

SÉTIMA.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN.

1.- Para efectuar as propostas de concesión das subvencións, a comisión avaliadora terá en conta os seguintes criterios e baremo de puntuación.

a) Nivel da competición.

- Campionato do Mundo: Ata 20 puntos.
 - Categoría absoluta: 10 puntos por campionato.
 - Outras categorías: 5 puntos por campionato.
- Campionato de Europa: Ata 10 puntos.
 - Categoría absoluta: 5 puntos por campionato.
 - Outras categorías: 4 puntos por campionato.
- Outras competicións oficiais de ámbito internacional (Copas de Europa, Copas do Mundo, circuítos oficiais...): Ata 5 puntos.
 - Categoría absoluta: 2,5 puntos por campionato.

- Outras categorías: 1,5 puntos por campionato.
- Campionatos de España: Ata un máximo de 2 puntos.
 - Categoría absoluta: 1 puntos por campionato.
 - Outras categorías: 0,5 puntos por campionato.

b) Rendemento deportivo: Segundo o posto acadado nas competicións nas que participe: No caso de participar en varias probas dentro do mesmo campionato, terase en conta o resultado que outorgue unha maior puntuación.

| | Cto. España | | Outras compet. Intrais | | Cto. Europa | | Cto. Mundo | |
|---------------|-------------|-------------|------------------------|-------------|-------------|-------------|---------------|-------------|
| | Cat. Absol. | Outras cat. | Cat. Absol. | Outras cat. | Cat. Absol. | Outras cat. | Cat. Absoluta | Outras cat. |
| 1º a 4º Posto | 2 puntos | 1,5 puntos | 3 puntos | 2 puntos | 10 puntos | 5 puntos | 20 puntos | 10 puntos |
| 5º a 8º Posto | 1 puntos | 0,5 puntos | 1,5 puntos | 1 puntos | 8 puntos | 4 puntos | 15 puntos | 7,5 puntos |
| Participación | - puntos | - puntos | 1 puntos | 0,5 puntos | 3 puntos | 1,5 puntos | 6 puntos | 3 puntos |

c) Ámbito territorial do desprazamento: Valorarase o desprazamento a cada unha das competicións nas que participe o/a solicitante. Só valorarase este criterio si a competición se celebra fora da Comunidade Galega.

| | Outras compet. Intrais. e Cto. España | Cto. Europa | Cto. Mundo |
|-----------------|---------------------------------------|-------------|------------|
| España/Portugal | 1 punto | 5 puntos | 6 puntos |
| Resto do Mundo | 2 puntos | 10 puntos | 12 puntos |

d) Duración do Campionato: Valorarase a duración de cada unha das competicións nas que participe o/a solicitante. En todos os casos, computará como primeiro día de competición o día anterior ó inicio oficial da participación do/da deportista na mesma, ata o último día oficial de competición oficial.

- Campionato do Mundo: Ata un máximo de 12 puntos.
 - España/Portugal: Ata un máximo de 6 puntos por campionato. Valorarase 1 punto por día de competición.
 - Resto do Mundo: Ata un máximo de 12 puntos por campionato. Valorarase 1 punto por día de competición.
- Campionato de Europa: Ata un máximo de 10 puntos.
 - España/Portugal: Ata un máximo de 5 puntos por campionato. Valorarase 1 punto por día de competición.
 - Resto do Mundo: Ata un máximo de 10 puntos por campionato. Valorarase 1 punto por día de competición.
- Outras competicións oficiais Internacionais de alto nivel (Copas de Europa, Copas do Mundo, circuítos oficiais...): Ata un máximo de 6 puntos.
 - España/Portugal: Ata un máximo de 3 puntos por campionato. Valorarase 0,5 puntos por día de competición.
 - Resto do Mundo: Ata un máximo de 6 puntos por campionato. Valorarase 0,5 puntos por día de competición.
- Campionatos de España: Ata un máximo de 3 puntos. Só valorarase este criterio si a competición se celebra fora da Comunidade Galega.
 - Ata un máximo de 3 puntos por campionato. Valorarase 0,5 puntos por día de competición.

OITAVA.- CONTÍA E LÍMITE INDIVIDUALIZADA DAS SUBVENCIONS.

1.- O importe total da convocatoria distribuirase entre a suma total de puntos acadados pola totalidade das solicitudes admitidas, obtendo desta forma o valor unitario do punto.

No caso de que a solicitude sexa remitida por unha entidade, farase unha valoración individualizada para cada un/unha dos/das deportistas integrados no programa presentado e que cumpriran os requisitos da convocatoria.

A subvención para cada beneficiario/a calcularase multiplicando o valor unitario do punto polos puntos obtidos en cada caso, cos límites establecidos por tipo de competición segundo os seguintes criterios, e que non poderán superar o límite individual:

- Importes máximos por tipo de competición: Os importes máximos das subvencións establecidos para cada *tipo de competición* serán os establecidos a continuación. No caso de que o importe resultante da baremación e puntuación vinculada a cada tipo de competición e categoría supere o importe máximo para cada unha delas, este axustarase ó límite establecido para cada un dos casos segundo se detalla:
 - Campionato de España:
 - Categoría absoluta: Ata 500,00€.
 - Outras categorías: Ata 300,00€.
 - Outras competicións oficiais Internacionais:
 - Categoría absoluta: Ata 1.000,00€.
 - Outras categorías: Ata 800,00€.
 - Campionato de Europa:
 - Categoría absoluta: Ata 1.500,00€.
 - Outras categorías: Ata 1.200,00€.
 - Campionato do Mundo:
 - Categoría absoluta: Ata 2.000,00€
 - Outras categorías: Ata 1.800,00€
- Límite máximo do importe da subvención por deportista: O importe total máximo destinado para cada un/unha dos/das deportistas beneficiarios/as de forma individual será de 2.500,00€. No caso de que o importe resultante da baremación e puntuacións obtidas no criterio “tipo de competición” supere este importe máximo (2.500,00€), dita cantidade axustarase a este límite establecido.

NOVENA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS.

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

DÉCIMA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

As presentes Bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO) e con posterioridade remitirase a Convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ao BOPPO do extracto da mesma, sen prexuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

O prazo para presentar as solicitudes a esta convocatoria será de 15 días hábiles a partir do día seguinte da data de publicación do **extracto da convocatoria no BOPPO**.

DECIMO PRIMEIRA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN.

1.- Coa solicitude, segundo o modelo que figura como anexo I.1 do expediente, deberase achegar a demais documentación esixida nestas bases, segundo os modelos, no seu caso, que figuran nos demais anexos da convocatoria.

2.- A instancia de solicitude será asinada polo/a solicitante, polo representante legal en caso de menores de idade, ou polo/a representante legal da entidade petionaria no seu caso caso, e presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, ou por algún dos procedementos previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións públicas.

3.- Coa instancia de solicitude deberá achegarse a seguinte documentación.

● **Anexos:**

| | |
|-----------|---|
| Anexo I.1 | <u>Instancia</u> de solicitude da subvención. |
| Anexo I.2 | <u>Certificado das competicións</u> e categoría na que participa (No caso das entidades, un documento por cada deportista polo/a que se solicita subvención). |
| Anexo I.3 | <u>Orzamento equilibrado</u> de Ingresos e de gastos do programa. |
| Anexo I.4 | <u>Declaración responsable.</u> |

● **Outra documentación obrigatoria:**

2.1.**Certificado Orixinal actualizado da titularidade da conta bancaria** do/da solicitante, ou no caso de menores de idade, do/a seu/súa representante legal.

2.2.Copia do **DNI de cada un/unha dos/das deportistas solicitantes e dos/das representantes legais no caso de menores de idade.**

2.3.**Proxecto das actividades**, que inclúa os datos concretos referentes ás competicións sobre as que solicita subvención, programa completo de adestramentos e competicións, formato das competicións, resultados...

2.4.**Só para entidades:**

- **Copia do acta de constitución da actual xunta directiva.**
- **Copia do D.N.I. do presidente da entidade** asinante da solicitude de subvención.
- Copia do **DNI de cada un/unha dos/das deportistas integrados/as no proxecto obxecto da solicitude de subvención e dos/das seus representantes legais no caso de menores de idade.**
- **Copia do código de identificación fiscal** da entidade solicitante, ademais dos DNI de cada un/unha dos/das deportistas integrados no programa sobre o que se solicita a subvención.

DÉCIMO SEGUNDA.- SUBSANACIÓN DA SOLICITUDE.

Consonte co establecido no artigo 20.5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións públicas, se a documentación aportada fora incompleta ou non reunira os requisitos esixidos na presente convocatoria, o/a solicitante será requirido/a para que complete a documentación ou amañe a falla no prazo de 10 días, contados a partir da recepción da notificación, coa advertencia de que se non o fixera se lle terá por desistida a súa solicitude e arquivarase o expediente.

DECIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE.

As presentes Bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO) e con posterioridade remitirase a Convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ao BOPPO do extracto da mesma, sen prexuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

Publicidade do financiamento público. Os/As beneficiarios/as das subvencións deberán empregarlo distintivo do Concello de Vigo en tódalas actividades e comunicacións que promovan e en todas as equipacións, publicacións, carteis, rótulos e demais elementos de difusión ou publicidade será indispensable mencionar á “Concellería de Deportes – Concello de Vigo” sempre que a súa regulamentación o permita.

DÉCIMO CUARTA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN.

1.- A Concellería de Deportes será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións. A avaliación das mesmas se realizará por unha Comisión de Valoración composta polo Concelleiro de Deportes, o Xefe de Servizo da Área de Deportes e un Técnico da mesma área que actuará como secretario.

2.- A Comisión Avaliadora, a través da Concellería de Deportes, como órgano instrutor, formulará proposta de concesión das subvencións á Xunta de Goberno Local consonte a avaliación realizada. A proposta incluirá o informe do órgano instrutor no que conste que da información que ten no seu poder se desprende que os beneficiarios cumpren con todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

3.- A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas. O prazo para a instrución e resolución do expediente será de seis meses, como máximo, desde o último día de prazo de presentación das solicitudes no Rexistro Xeral do Concello e a súa resolución notificarase ós solicitantes no prazo de dez días a partir da súa data, de acordo co previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións públicas.

4.- A resolución da Xunta de Goberno Local, sobre concesión das axudas, esgota a vía administrativa e contra a mesma poderá interpoñerse recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar do día seguinte ó da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses desde o seguinte ó da notificación, de acordo co artigo 115 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións públicas.

5.- Transcorrido o devandito prazo de seis meses sen que a Xunta de Goberno Local dite resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda. Esta desestimación presunta poderá ser recorrida en reposición no prazo de tres meses máis. Transcorrido este último prazo unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, sen prexuízo, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.

6.-Os/As beneficiarios/as das axudas están obrigadas no prazo de dez días a contar do seguinte ao da notificación a comunicar por escrito á Concellería de Deportes a aceptación ou renuncia das axudas, transcorrido este prazo sen manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada.

7.- Transcorridos seis meses a partir do día seguinte ó da terminación do prazo de presentación das solicitudes sen que os interesados obteñan unha resposta expresa, entenderase desestimada a solicitude.

DÉCIMO QUINTA.- SUBCONTRATACIÓN.

Os beneficiarios non poderán subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

DÉCIMO SEXTA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS.

1.- Os/As beneficiarios/as das subvencións dispoñen ata o 3 de novembro de 2017(Incluído) para xustificar o cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.

O prazo sinalado para a xustificación poderá ser ampliado se concorreran causas que o xustifiquen, previa aprobación do mesmo por parte da Xunta de Goberno Local.

“Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario/a para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario/a das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan”.

2.- Ao efecto de xustifica-la subvención os/as beneficiarios/as deberán achegar:

- a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento do proxecto e actividades subvencionadas, cuns contidos mínimos no aspecto deportivo (Incluíranse os datos referentes ás competicións subvencionadas, os resultados, o ámbito e o nivel acadado nas competicións, material gráfico impreso,...).
- b) Certificado emitido pola federación que acredite a participación no campionato do que se trate, o posto acadado, así como os detalles que podan ser relevantes.
- c) Os cuestionarios e documentación debidamente cumprimentada que figura no anexo II destas Bases (Modelos para a xustificación):

| | |
|------------|---|
| Anexo II.1 | Relación de facturas presentadas como xustificación polo importe subvencionado. |
| Anexo II.2 | Declaración responsable |
| Anexo II.3 | Balance final de ingresos e gastos |

c).- Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto subvencionado polo importe subvencionado, en relación co apartado ou apartados para o cal está destinada a axuda coas seguintes especificidades:

1º.- A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do Orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros. As facturas serán orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.

2º.- Importe xustificativo: Terase en conta como importe xustificativo a Base Impoñible do importe das facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente que se presenten como xustificación, excepto que se acredite debidamente mediante certificado da axencia Tributaria que o/a solicitante está exento/a de IVE, ou se acredite mediante declaración responsable que *“o importe do IVE derivado dos gastos da axuda a xustificar en relación á subvención concedida pola Concellería de Deportes do Concello de Vigo en relación ó desenvolvemento do proxecto subvencionado, é asumido polo/a beneficiario/a ao non poder deducilo”.*

3º.- Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

4º.- Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificadas a

través de documentos orixinais emitidos polas Federacións que recollan adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base á eficacia administrativa do mesmo.

5º.- Se o/a beneficiario/a solicitara a devolución do orixinal presentado, deberá facelo xunto coa presentación da documentación xustificativa. A área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal. En todo caso, a solicitude de devolución das facturas deberá ser efectuada, por escrito, xunto á presentación da xustificación, e sempre previamente ó pago da subvención acadada.

d.- Calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello de Vigo, en relación coa xustificación da subvención.

DÉCIMO SÉTIMA.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIONS.

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión, será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe da unidade Técnico-Deportiva do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

DECIMO OITAVA.- OBRIGA DE INFORMACIÓN.

Os/As beneficiarios/as deberán facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DECIMO NOVENA.- PAGAMENTO.

1.- O pagamento da subvención terá lugar logo da xustificación polo/a beneficiario/a da actividade para a que se concedeu a subvención.

2.- Antes de proceder ao pago da subvención os/as beneficiarios/as (Ou os representantes legais no caso de menores de idade) deberán acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

VIXÉSIMA.- PÉRDIDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIONS. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIONS.

- **Perda do dereito ao cobro:**
- Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención o incumprimento por parte do/da beneficiario/a da subvención de calquera das obrigas previstas nestas bases reguladoras e especialmente as obrigas ás que se condiciona o pago único da subvención; o incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da subvención; a variación da finalidade da actuación; a falta de xustificación da subvención ou a insuficiencia desta; á obtención concorrente doutras axudas, que determinarían o reintegro da municipal e a concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.
- Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto

presentado e do seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá a perda do dereito a subvención ou o seu reintegro na mesma proporción. En todo caso procederá a redución da subvención, coa conseguinte perda do dereito ao cobro, ou, no seu caso o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

- A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

2.- Nulidade, reintegro, infraccións e sancións:

- a) Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Procederá o reintegro das cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.
- b) Canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os/as beneficiarios/as destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

1.- Os datos dos/das solicitantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso desta convocatoria, polo que a súa achega é obrigatoria.

2.- Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

O/A beneficiario/a poderá exercer-los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN.

| Asesor Técnico | 52492417T | Carlos Juncal Gil | | 6 | | 220,20 € | 220,20 € |
| Asesor Técnico | 36074146A | Xosé Antonio Muiños Acuña | 2 | 5 | 79,56 € | 183,50 € | 263,06 € |
| Asesor Técnico | 35984439L | Jesús Saavedra Rodríguez | | 1 | | 36,70 € | 36,70 € |
| Asesor Técnico | 35274841V | Eugenio Caamaño Gestido | | 1 | | 36,70 € | 36,70 € |
| Asesor Técnico | 36088476G | Celia de Monasterio Roldan | | 3 | | 110,10 € | 110,10 € |
| Asesor Técnico | 36045666C | Alfonso Conde Rodríguez | | 2 | | 73,40 € | 73,40 € |
| Asesor Técnico | 36129842Q | Eugenio Falque Fontán | | 1 | | 36,70 € | 36,70 € |
| Asesor Técnico | 36025591R | Jose Luis Vázquez de Francisco | | 1 | | 36,70 € | 36,70 € |
| Asesor Técnico | 32807940G | Juan Martínez García | | 1 | | 36,70 € | 36,70 € |
| Asesor Técnico | 35554361H | Jose Carlos Castro Regueira | | 1 | | 36,70 € | 36,70 € |
| Asesor Técnico | 36151531Q | Miguel Angel Fernández González | | 1 | | 36,70 € | 36,70 € |
| Asesor Técnico | 36005207H | Jesús Alberto Docamiño Raimundez | | 1 | | 36,70 € | 36,70 € |
| Asesor Técnico | 36015311W | Angel Posada Oitabén | | 1 | | 36,70 € | 36,70 € |
| | | TOTAL ASESORES TÉCNICOA | | | | | 997,06 € |

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(732).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES CORRESPONDENTE AO MES DE XUÑO-2017. EXPTE. 7033/335.

Dáse conta do informe-proposta do 10/07/17, do técnico de xestión do servizo de Festas, conformado pola xefa do servizo e pola concelleira-delegada de área:

"Co fin de dar cumprimento ao establecido na Base 31ª das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2017, aprobadas polo Pleno con data 27/12/2016, faise a seguinte

PROPOSTA:

Dar conta á Xunta de Goberno local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de **gasto menor** no Servizo de Festas, autorizados pola concelleira delegada de Festas, o mes de xuño de 2017.

Expte: 6999/335. CONTRATACIÓN DA ORGANIZACIÓN DA FESTA DAS NENAS E DOS NENOS NO PARQUE DE CASTRELOS

Decreto concelleira data: 09/06/2017

Informe Intervención: RCM 56125

Adxudicatario: BIGLAB SL

Importe total: 21.731,60 EUROS

Expte: 7000/335. CONTRATACIÓN DO DESEÑO DE IMAXE E DOS SOPORTES DE MATERIAL GRÁFICO PARA A DIFUSIÓN DO PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2017

Decreto concelleira data: 09/06/2017

Informe Intervención: RCM 56126

Adxudicatario: ECOVIGO PUBLICIDAD SL

Importe total: 2.541,00 EUROS

Expte: 7001/335. CONTRATACIÓN DA REVISIÓN E SEGUIMENTO DO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN DO AUDITORIO DE CASTRELOS CON MOTIVO DOS ESPECTÁCULOS DO PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2017

Decreto concelleira data: 14/06/2017

Informe Intervención: RCM 57043

Adxudicatario: PEDRO MURCIEGO DELGADO

Importe total: 5.808,00 EUROS

Expte: 7002/335. CONTRATACIÓN DA ELABORACIÓN E SEGUIMENTO DO PLAN DE ACTUACIÓN EN CASO DE EMERXENCIAS PARA A PORTA DO SOL CON MOTIVO DOS EVENTOS DO PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2017

Decreto concelleira data: 14/06/2017

Informe Intervención: RCM 57044

Adxudicatario: PEDRO MURCIEGO DELGADO

Importe total: 1.210,00 EUROS

Expte: 7004/335. CONTRATACIÓN DA ELABORACIÓN DE INFORME SOBRE O ESTADO DA ESTRUCTURA DO AUDITORIO AO AIRE LIBRE DE CASTRELOS

Decreto concelleira data: 14/06/2017

Informe Intervención: RCM 57529

Adxudicatario: PNAM ARQUITECTOS SLP

Importe total: 2.662,00 EUROS

Expte: 7005/335. CONTRATACIÓN DA VENDA DE ENTRADAS PARA CINCO ESPECTÁCULOS NO AUDITORIO DE CASTRELOS CON MOTIVO DO PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2017

Decreto concelleira data: 20/06/2017

Informe Intervención: RCM 58840

Adxudicatario: FUNDACIÓN GALICIA OBRA SOCIAL

Importe total: 3.025,00 EUROS

Expte: 7006/335. CONTRATACIÓN DA IMPRESIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS SOPORTES DE DIFUSIÓN DO PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2017

Decreto concelleira data: 27/06/2017

Informe Intervención: RCM 62485

Adxudicatario: ECOVIGO PUBLICIDAD SL

Importe total: 8.550,77 EUROS

Expte: 7011/335. CONTRATACIÓN DAS ACTUACIÓN ARTÍSTICAS E PRODUCCIÓN TÉCNICA PARA O EVENTO XIRA VERÁN CADENA DIAL – VIGO EN FESTAS 2017

Decreto concelleira data: 29/06/2017

Informe Intervención: RCM 64221

Adxudicatario: RADIO VIGO SAU

Importe total: 20.570,00 EUROS

Expte: 7013/335. CONTRATACIÓN DAS ACTUACIÓN ARTÍSTICAS PARA O EVENTO GALA LÍRICA – VIGO EN FESTAS 2017

Decreto concelleira data: 29/06/2017

Informe Intervención: RCM 64222

Adxudicatario: UNIÓN MUSICAL DE VALLADARES

Importe total: 4.200,00 EUROS"

A Xunta de Goberno Local queda informada.

11(733).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE CONTRATO MENOR. XUÑO-2017. EXPTE. 7821/224.

Dáse conta do informe-proposta do 12/07/17, da xefa do servizo de Igualdade, conformado pola concelleira-delegada de área:

"Co fin de dar cumprimento ao establecido na base 31ª das Bases de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o vixente exercicio, faise a seguinte

PROPOSTA:

Dar conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de contrato menor no Servizo de Igualdade, no mes de xuño do ano 2017."

| Expte. | Tipo | Asunto | Adxudicatario/a | Aplicación orzamentaria | Data Decreto | Importe |
|----------|------|--|----------------------------------|-------------------------|--------------|------------|
| 7675-224 | CMSE | Dinamización do Centro de Recursos Feministas xullo, setembro, outubro, novembro e decembro 2017 | Osventos Innovacións en Servizos | 23112279906 | 26/06/17 | 9.018,73 € |
| 7676-224 | CMSE | Dinamización do Centro do servizo Casa das Mulleres xullo, setembro, outubro, novembro e decembro 2017 | Atelier Social S L | 23112279910 | 22/06/17 | 6.320,60 € |
| 7688-224 | CMSE | Adecuación da estrutura cúbica no parque Mª Xosé Queizán | Electricidad Remeseiro S L | 23112279901 | 05/06/17 | 1.808,27 € |
| 7781-224 | CMSU | Adquisición de subministros para os departamentos da concellería | Xenérico | 23112219900 | 23/06/17 | 4.500,00 € |

A Xunta de Goberno Local queda informada.

12(734).- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL PARA A PROTECCIÓN E TENZA DE ANIMAIS. EXPTE. 11989/306.

Dáse conta do informe-proposta do 17/07/17, do técnico de admon. xeral do servizo de Medio Ambiente, conformado polo xefe do servizo e pola concelleira-delegada de área

"I. ANTECEDENTES DE FEITO:

I.1. En sesión ordinaria do 26.04.2017, o Pleno do Excmo. Concello de Vigo acordou aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Municipal para a Protección e Tenencia de Animais, abrindo un período de información pública polo prazo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxestións.

I.2. Publicouse anuncio oficial no BOP nº 94, do 18.05.2017. Durante o período de información pública, presentouse unha (1) alegación (DOC. 170094642), segundo resulta da certificación expedida pola Titular do Órgano de Apoio á Xunta de Goberno Local en data 10.07.2017.

II. NORMATIVA APLICABLE:

- Constitución Española de 1978 (CE).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXPAC) [Disposición Transitoria Terceira LPACAP] .
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- Lei 57/2003, de 16 de decembro, Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL).
- Decreto 17/06/1955, Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (RSCL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).
- Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre o Réxime Xurídico da Tenza de Animais Potencialmente Perigosos (LRXTAPP).
- Lei do Parlamento Galego de Protección de animais domésticos e salvaxes en cativeiro 1/1993, de 13 de abril (LPADSC).
- R.D. 287/2002, de 22 marzo, polo que se desenrola a Lei 50/1999, de 23 de decembro, sobre o Réxime Xurídico da Tenza de Animais Potencialmente Perigosos.
- Decreto 90/2002, de 28 de febreiro, polo que se regula a tenza de animais potencialmente perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Ordenanza Municipal para a Protección e Tenencia de Animais (publicada no BOP nº 119, de 22 de xuño de 2000).

III.- INFORME DA ALEGACIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR (DOC. 170094642) NO EXPTE. Nº 11989/306 (MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL PARA A PROTECCIÓN E TENENCIA DE ANIMAIS):

ALEGANTE: Grupo Municipal do Partido Popular

DATA DE REXISTRO: 29.06.2017.

Nº DOC: 170094642.

CONTIDO DA ALEGACIÓN:

- Engadir ao artigo 7.3bis a obriga do Concello de comunicar anualmente antes do 1 de xuño os areas exceptuados para o uso por animais.
- Engadir un novo artigo no que se considere a creación dun rexistro local de persoas con antecedentes por maltrato animal para que calquer protectora, albergue, refuxio ou

establecemento de venda puidese consultalo e impedir a adopción ou adquisición dun animal de compañía.

- Incluir un parágrafo no artigo 4.1 aclarando expresamente que se deben evitar os casos dos animais que viven en condicións de abandono en patios ou terrazas, así como facultar á Policía Local a facer as comprobacións pertinentes.

- Concretar e ampliar as obrigas dos propietarios e posuidores actualmente contempladas no artigo 4.3 que se limitan á alimentación.

- Excepcionar aos cans pequenos da necesidade de viaxar en autobuses dentro de gaiolas.

- Ampliar os prazos previstos no artigo 13.2 e 13.3 para recoller ao animal da canceira municipal, eliminando a referencia ao sacrificio.

- Engadir ao artigo 14 un apartado f) que estableza a obrigatoriedade de inscrición no Rexistro de animais potencialmente perigosos.

- Cualificar como infracción grave a non recollida inmediata dos excrementos dun animal de compañía na vía pública actualmente cualificada como leve.

- Suprimir o actual artigo 30 da actual ordenanza “Queda prohibido facilitar alimento de xeito cotián ós animais vagabundos” ao non estar amparada pola súa cualificación como infracción da ordenanza.

- Eliminar as referencias ao sacrificio de animais no artigo 31 e ampliar os prazos conforme á modificación do artigo 13.

- Ampliar a obrigatoriedade da vacinación de desparasitación aos animais obtidos en centros de cría e en establecementos de venda.

- Cualificar como infracción grave o non manter o animal en boas condicións hixiénico-sanitarias, ou mantelos en instalacións inadecuadas ou non facilitarlle alimento adecuado ás súas necesidades e o emprego de animais en traballos que os inmovilicen causándolles dor, así como o sacrificio de animais en lugares públicos, todas elas cualificadas actualmente como leves.

VALORACIÓN DA ALEGACIÓN:

Polo que se refire ao contido da alegación relativo a engadir ao artigo 7.3bis a obriga do Concello de comunicar anualmente antes do 1 de xuño os areas exceptuados para o uso por animais, compre poñer de manifesto que a pretendida modificación ten a súa xustificación na pretensión municipal de exceptuar da prohibición xeral contida no artigo 7.3 aqueles areas respecto dos cales a autoridade municipal, ao abeiro do establecido no artigo 11 e 24 da Ordenanza, os delimite como zona de espaxamento canino, onde os cans poderán circular libremente e soltos acompañados polo seu propietario/a ou posuidor/a durante todo o ano, e dicir, a eventual delimitación como zona de espaxamento canino de determinados areas non se limitaría so a tempada estival, senón que a devandita declaración tería carácter continuado no tempo, como de feito acontece coas zonas de espaxamento canino xa declaradas polo Concello. Esta declaración esixirá a tramitación

do procedemento legalmente previsto e cuxa resolución da autoridade municipal será obxecto de publicación para xeral coñecemento da cidadanía.

En canto ás demais cuestións contidas na alegación, as mesmas non gardan relación có obxecto da modificación pretendida, o cal se focaliza en dúas cuestións concretas:

- Responder a demanda social relativa a que os cans poidan transitar en liberdade, acompañados polos seus propietarios, por determinados areas do concello de Vigo.
- Acomodar os importes das sancións establecidas na Ordenanza Municipal ó preceptuado na Lei 8/2014, de 26 de setembro, de reforma da Lei 1/1993, de 13 de abril, de protección de animais e salvaxes en cativeiro.

Así mesmo, e con independencia do anteriormente exposto, a vixente Ordenanza Municipal para a protección e tenencia de animais ten por obxecto asumir as prescricións establecidas na Lei 1/1993, de 13 de abril, de protección de animais e salvaxes en cativeiro e na Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da posesión dos animais potencialmente perigosos, prescricións que son de obrigado cumprimento para o concello en aplicación do principio de xerarquía normativa. Asemade, e polo que se refire a Lei 1/1993, de 13 de abril, está actualmente en tramitación (pendente de aprobación) no Parlamento de Galicia o Anteproxecto de Lei de Protección e Benestar dos Animais de Compañía en Galicia, a cal, e segundo resulta do seu contido, deroga a Lei 1/1993 e incidirá en materias tales como a defensa, benestar e protección dos animais, adopcións e acollidas, introdución de novos tipos sancionadores, etc, cuestións todas elas que, unha vez aprobada e en vigor a normativa de aplicación, deberían abordarse dun xeito integral nunha futura modificación da normativa municipal.

PROPOSTA:

Desestimar a alegación presentada polo Grupo Municipal do partido Popular o 29.06.2017, con nº de doc. 170094642.

IV. XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS PROPOSTAS:

IV.1. A Lei 1/1993, do 13 de abril, ten por obxecto a protección dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro, baixo a posesión do ser humano. O devandito texto legal fixa como principio fundamental de protección destes animais ó da posesión ou tenencia responsable, de modo que os afectados asuman o coidado dos animais en todos os aspectos contidos na mencionada Lei como a contraprestación humana que se lles debe fronte o afecto ou utilidade que significa o animal para o seu posuidor. Así mesmo, a Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da posesión dos animais potencialmente perigosos, ten por obxecto establecer a normativa aplicable á tenencia de animais potencialmente perigosos para facela compatible coa seguridade de persoas e bens e de outros animais.

A Ordenanza Municipal para a protección e tenencia de animais foi aprobada polo Pleno do Concello o 16 de febreiro de 2000, tendo por obxecto asumir os motivos que figuran na parte expositiva das mencionadas leis e establecer os requisitos esixibles no termo municipal de Vigo para a tenencia responsable de animais domésticos ou salvaxes en cativeiro, incluso dos cualificados como potencialmente perigosos, de xeito que a súa utilización proveitosa polas persoas sexa compatible coa protección dos propios animais e a eliminación dos

riscos que poidan derivarse para a vida, saúde e integridade física das persoas e a seguridade dos bens.

O artigo 11 da mencionada ordenanza, no seu apartado segundo, establece que a autoridade municipal poderá fixar os espazos e horarios de espaxemento para animais nos que poderán circular libremente soltos acompañados polo seu propietario/a ou posuidor/a.

Nos últimos anos constatouse a existencia dunha importante demanda social relativa a que os cans poidan transitar en liberdade, acompañados polos seus propietarios, por algúns dos areas do concello de Vigo. Habida conta de que o artigo 7.3 da ordenanza municipal establece a prohibición da circulación ou permanencia de cans e outros animais nas praias en período estival, definido este como o comprendido entre o 1 de xuño e o 30 de setembro, faise necesaria a modificación da normativa municipal co obxecto de adaptala á realidade cidadá e compatibilizar as necesidades de todos os usuarios dos Areas do municipio, garantindo, así mesmo, o respecto ao medio ambiente e a salvagarda da salubridade pública.

IV.2. A Lei 8/2014, de 26 de setembro, de reforma da Lei 1/1993, de 13 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeiro, modificou esta última, entre outras cuestións, nas relativas ao importe das sancións previstas. Con independencia de que na materia existe unha clara prevalencia da normativa sectorial estatal e autonómica sobre a tipificación contida nas Ordenanzas, é conveniente, en aras do principio de seguridade xurídica, afrontar a modificación do artigo 42 (sancións) da Ordenanza Municipal co obxecto de acomodar os importes das sancións ó preceptuado na normativa autonómica.

V. COMPETENCIA MUNICIPAL:

V.1. Os municipios están legalmente habilitados para exercer competencias en materias tales medio ambiente urbano (Art. 25.2.b] LRBRL), configurado este como servizo público de prestación obrigatoria para os municipios de máis de 50.000 habitantes (Art. 26.1.d] LRBRL). Asemade, compete ao Alcalde a responsabilidade superior na defensa e protección dos animais no ámbito de cada municipio (Art. 16 LPADSC).

V.2. As ordenanzas municipais, en tanto que disposicións acordadas polas Corporacións locais para rexer con carácter xeral, son un medio ordinario de intervención na actividade dos cidadáns (Arts. 84.1.a] LRBRL) e constitúen a manifestación típica da potestade regulamentaria recoñecida ás entidades locais nos artigos 4.1.a] da LRBRL e do ROF e 6.1.a] da LALGA.

V.3. Tal intervención na actividade dos particulares deberá axustarse, en todo caso, ós principios de igualdade de trato, necesidade e proporcionalidade có obxectivo que se persegue (Art. 84.2 da LRBRL).

V.4. As súas disposicións serán aplicables en todo o non previsto pola lexislación básica e pola LALGA, non podendo conter preceptos contrarios ás leis e a outras disposicións xerais de superior rango xerárquico pero sí tipificar infraccións e establecer sancións de conformidade co determinado pola lexislación sectorial (Arts. 4 e 287 LALGA, 55 TRRL e 11 RSCL) ou, en defecto desta, de acordo cos criterios establecidos nos artigos 139-141 da LRBRL.

V.5. A teor do disposto na LRBRL, corresponde á Xunta de Goberno local a aprobación dos proxectos de ordenanzas (Art. 127.1.a)] e ó Pleno da Corporación a aprobación e modificación das ordenanzas e regulamentos municipais (Art. 123.1.d]); atribución esta última tamén recollida nos artigos 64.2.d) da LALGA e 50.3 do ROF.

V.6. De acordo co artigos 49 da LRBRL, a súa aprobación axustarase ó seguinte procedemento:

–Aprobación inicial polo Pleno.

–Información pública e audiencia dos interesados polo prazo mínimo de trinta (30) días para a presentación de reclamacións e suxestións.

–Resolución de todas as reclamacións e suxestións presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva polo Pleno.

De non se presentar ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

V.7. Entrada en vigor: Conforme co previsto no artigo 70.2 da LRBRL, a modificación da Ordenanza entrará en vigor unha vez aprobada definitivamente polo Pleno e publicada integramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia, cando haxa transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da LRBRL.

VI. PROPOSTA DE ACORDO PARA O PLENO DA CORPORACIÓN:

Á vista dos feitos e fundamentos de dereito expostos, proponse ao Pleno da Corporación Municipal, previo acordo da Xunta de Goberno Local, a adopción, logo do ditame da Comisión Informativa correspondente, do seguinte, **ACORDO:**

PRIMEIRO: Desestimar, con base no informe-proposta transcrito na parte expositiva deste acordo, a alegación presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular co número de documento 170094642 de data 29.06.2017.

SEGUNDO: Aprobar definitivamente a modificación da ORDENANZA MUNICIPAL PARA A PROTECCIÓN E TENENCIA DE ANIMAIS (exp. Nº 11989/306), co texto que se transcribe ao final deste acordo, non habéndose producido ningunha alteración en relación coa aprobación inicial realizada polo Pleno da Corporación na sesión ordinaria do día 26 de abril de 2017.

TERCEIRO: Notificar o presente acordo aos alegantes e, ao abeiro do disposto nos artigos 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e 196.2 do ROF (RD 2568/1986), publicar este acordo e o texto integro da modificación da Ordenanza no BOP, entrando en vigor cando haxa transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da LRBRL.

CUARTO: Segundo o previsto nos artigos 1, 10.1.b), 25.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, 112.3, 114 e concordantes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (Disposición Transitoria Terceira), 52 da LRBRL e 209 e ss. do ROF, o acordo de aprobación definitiva da Ordenanza pon fin á vía administrativa e contra esta disposición xeral non caberá recurso nesta vía, podéndose interpoñer directamente, por quen se

considere lexitimado/a, recurso contencioso-administrativo perante a Sala do mesmo nome do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da publicación íntegra da disposición recorrida; sen prexuízo da interposición polo/a interesado/a de calquera outro recurso que estime procedente conforme a Dereito.

MODIFICACIÓNS DA ORDENANZA MUNICIPAL PARA A PROTECCIÓN DE ANIMAIS

MODIFICACIÓN DO ARTIGO 7.3:

- Engadir no artigo 7, un apartado 3 bis. á Ordenanza Municipal para a protección e tenencia de animais do Concello de Vigo, aprobada definitivamente polo Pleno de 16 de febreiro de 2000 (BOP nº 119 de 22/06/2000), que terá o seguinte teor literal:

“3bis. Exceptúanse expresamente do preceptuado no artigo anterior aqueles areais respecto dos cales, ao abeiro do establecido no artigo 11 en relación co artigo 24 desta Ordenanza, a autoridade municipal delimite como zona de espaxemento canino, onde os cans poderán circular libremente e soltos acompañados polo seu propietario/a ou posuidor/a”.

- Engadir no artigo 7, un apartado 3ter, que terá o seguinte teor literal:

“3ter. Quedan exceptuados do disposto no apartado anterior os cans calificados como potencialmente perigosos, conforme a normativa pola que se regula a tenencia de animais potencialmente perigosos, que deberán, en lugares públicos, ir sempre suxeitos con correa e bozo, de conformidade coa normativa aplicable”.

MODIFICACIÓN DO APARTADO P) DO ARTIGO 41.1, QUE TERÁ O SEGUINTE TEOR LITERAL:

“p). A circulación e permanencia de animais en piscinas públicas durante a tempada de baño, así como nas praias durante o período estival fóra dos lugares e horarios establecidos para que poidan circular libremente e soltos”.

MODIFICACIÓN DO ARTIGO 42, QUE TERÁ O SEGUINTE TEOR LITERAL:

“Artigo 42

As infraccións indicadas no artigo anterior sancionaranse con multas de:

- a) As leves, de 100 a 500 euros.
- b) As graves, de 501 a 5.000 euros.
- c) As moi graves, de 5.001 a 30.000 euros”.

MODIFICACIÓN DA DISPOSICIÓN DERROGATORIA, QUE TERÁ O SEGUINTE TEOR LITERAL:

“Queda derogada a Ordenanza municipal sobre tenencia de animais, aprobada polo Concello Pleno en sesión do 8 de xullo de 1984, así como calquera outra norma de igual ou inferior rango, acordo ou resolución que se opoña ó establecido na presente ordenanza, en concreto queda derogado o ultimo paragrafo do artigo 19 da Ordenanza Municipal de Zonas Naturais e Espazos Verdes, aprobada definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo de 26 de maio de 1994 (BOP nº 200 de 18/10/1994)”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(735).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE CONTRATO MENOR CORRESPONDENTES AOS MESES DE ABRIL, MAIO E XUÑO 2017. EXPTE. 54860/212.

Dáse conta do informe-proposta do 11/07/17, do intendente da Policía Local, conformado polo concelleiro-delegado de Seguridade e Mobilidade:

"En cumprimento do disposto na base 31ª das do orzamento vixente, achégase a relación de contratos menores celebrados pola Policía Local correspondente ao segundo trimestre do ano 2017 (abril, maio e xuño), para a súa consideración pola Xunta de Goberno Local, según anexo."

ANEXO

RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS NA XEFATURA DA POLICÍA LOCAL DURANTE O SEGUNDO TRIMESTRE DO ANO 2017 (ABRIL, MAIO E XUÑO):

| Expte. | Partida | CM | Asunto | Adjudicatario | Data Decreto | Data Rc | Importe/€ |
|-----------|--------------|------|--|-------------------------------------|--------------|----------|-----------|
| 53096-212 | 1320.2219905 | SUB | Material ximnasio non inventariable | Singularwod, SL | 01/04/17 | 24/03/17 | 2.362,92 |
| 53123-212 | 1320.2120000 | OBRA | Mantenimiento/repair. Baños masculinos vestuarios | Jose Carlos Costas Álvarez e outros | 23/03/17 | 07/04/17 | 15.625,72 |
| 53273-212 | 1320.2279910 | SER | Curso defensa verbal e comunicación persuasiva | Forox SL | 05/04/17 | 03/04/17 | 2.400,00 |
| 53335-212 | 1320.2279912 | SER | Xeolocalización vehículos Policía Local | Locatel SL | 05/04/17 | 05/04/17 | 11.257,57 |
| 53708-212 | 1320.2330000 | SER | XIV curso autoportección mulleres vítimas violencia xénero | Adolfo Hermida Araujo e outro | 28/04/17 | 02/05/17 | 1.800,00 |
| 54111-212 | 1320.2269900 | SER | Megafonía día Policía Local | Sonido Collazo SL | 23/05/17 | 26/05/17 | 1.089,00 |

A Xunta de Goberno Local queda informada.

14(736).- SOLICITUDE DE REEMBOLSO DE GASTOS XUDICIAIS. EXPTE. 29765/220.

Visto o informe de fiscalización do 18/04/17 e o informe xurídico do 28/06/17, dáse conta do informe-proposta do 11/07/17, da técnica de Admon. Xeral da área de RR HH, conformado polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal:

"ANTECEDENTES

1.- En escrito de data 04/04/2017 (documento administrativo nº 170048881) a funcionaria, con nº de persoal 79369 e DNI nº *****555, solicita o aboamento dos gastos xudiciais ocasionados como consecuencia do persoamento do mesma -en calidade de investigada-

nas dilixencias investigación penal nº 201/2016, seguidas na Fiscalía Provincial de Pontevedra (Área de Vigo), tendo sido dictado Decreto de 7 de febreiro de 2017, de arquivo da causa, en virtude do cal, se comunica que “por este Ministerio Fiscal no se van a iniciar actuacións de clase alguna al no estimar de los antecedentes suministrados la existencia de delito alguno”.

2.- O importe solicitado ascende a unha contía de **1.815 euros**, segundo a factura de data 06/03/2017 emitida polo avogado D. Santiago Costa de Caso, NIF *****071, aportándose a tal efecto a factura emitida.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- O Real Decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, establece no seu artigo 14 o dereito dos empregados públicos á defensa xurídica e protección da Administración Pública nos procedementos que se sigan ante calquera orde xurisdiccional como consecuencia do exercicio lexítimo das súas funcións ou cargos públicos.

II.- O artigo 36 do vixente “Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo”, aprobado en sesión plenaria de data 28 de decembro do 1998, establece que o Concello, ben a través dos seus servizos xurídicos ou con profesionais contratados prestará asesoramento e defensa xurídica ao persoal nos litixios derivados de feitos ocorridos como consecuencia do desenvolvemento das funcións propias do seu cargo, sen prexuízo do reembolso das cantidades que procedan si se demostrase na sentenza que existiu por parte do funcionario/a extralimitación, abuso de autoridade, dolo ou negligencia grave no exercicio das súas funcións.

III.- A sentenza do Tribunal Supremos (Sala Terceira, do Contencioso-Administrativo) de 4 de febreiro de 2002, establece os requisitos para que unha Corporación poida considerar os gastos de representación e defensa dos seus membros nun proceso penal como indemnizables a título de gastos ocasionados no exercicio do cargo. O fundamento xurídico terceiro da citada Sentenza sinala que a Entidade Local, “en uso de su autonomía reconocida por el artículo 137 de la Constitución española, puede considerar los gastos de representación y defensa de un proceso penal como indemnizables a título de gastos ocasionados en el ejercicio del cargo, a condición de que no concurren circunstancias que obliguen a calificarlos como gastos realizados en interés propio o a favor de intereses ajenos al general de la entidad y además se den los siguientes requisitos:

-Que hayan sido motivados por una inculpación que tenga su origen o causa directa en su intervención en una actuación administrativa o de otra índole realizada en el cumplimiento de las funciones atribuidas por las disposiciones aplicables a su actividad como miembro de la Corporación o en el cumplimiento o ejecución de acuerdos de los órganos de esta sala.

-Que dicha intervención no haya sido llevada a cabo con abuso, exceso, desviación de poder o en convergencia con intereses particulares propios de los interesados o del grupo político o de otra índole al que pertenecen susceptibles de ser discernidos de los intereses de la Corporación, pues en tal caso la actuación no puede considerarse como propia del ejercicio de su función, sino como realizada en interés particular, aunque externa o formalmente no sea así.

-Que se declare la inexistencia de responsabilidad criminal por falta objetiva de participación o de conocimiento en los hechos determinantes de la responsabilidad penal, la inexistencia de estos o su carácter ilícito. De haberse contraído responsabilidad criminal, no puede

entenderse que la conducta realizada lo haya sido en el ejercicio de sus funciones, sino abusando de ellas”.

IV.- Logo que Intervención emitiu informe favorable con recomendación de incorporar Informe de Asesoría, por Dilixencia de data 18 de abril de 2017 remitiuse o presente expediente (29765-220) aos efectos de incorporar o citado Informe.

Con data 28 de xuño de 2017, Asesoría Xurídica do Concello de Vigo, informa favorablemente a reclamación de reembolso de gastos de representación e defensa xudicial, elo segundo o “Informe xeral sobre gastos de defensa letrada e representación de corporativos e empregados municipais derivados de procedementos penais en relación co exercicio das súas funcións propias”.

V.- De conformidade co anteriormente exposto, e vistas as competencias que en canto á autorización e disposición de gastos en materias competencias relativas ao persoal municipal ostenta a Xunta e Goberno Local ex artigos 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, propónse a imputación orzamentaria do gasto á aplicación orzamentaria 9200.2260400 “Gastos notariais e xudiciais” dos vixentes Orzamentos Municipais, sempre nos termos do indicado no previo o preceptivo informe de fiscalización previa do gasto proposto pola Intervención Xeral Municipal (artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

En consecuencia, e coa conformidade do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal nos termos do establecido no Decreto da Excm. Alcaldía de 19/06/2015, elévase ao dito órgano a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO.- Acordar o aboamento dos gastos xudiciais ocasionados á funcionaria con nº de persoal 79369 e DNI nº *****555, ocasionados como consecuencia do persoamento do mesma -en calidade de investigada- nas dilixencias investigación penal nº 201/2016, seguidas na Fiscalía Provincial de Pontevedra (Área de Vigo), tendo sido dictado Decreto de 7 de febreiro de 2017, de arquivo da causa, en virtude do cal se comunica que “por este Ministerio Fiscal no se van a iniciar actuacións de clase alguna al no estimar de los antecedentes suministrados la existencia de delito alguno”..

Os ditos gastos concrépanse nun importe total de **1.815 euros**, segundo a factura de data 06/03/2017 emitida polo avogado D. Santiago Costa de Caso, NIF *****071.

Debendo imputarse o gasto á aplicación orzamentaria 9200.2260400 “Gastos notariais e xudiciais” dos vixentes Orzamentos Municipais, nos termos do indicado no preceptivo informe de fiscalización previa do gasto.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo o/a interesado/a e Intervención Xeral Municipal aos efectos oportunos.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación nos supostos, termos e condicións do disposto nos

artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(737).- ENCOMENDA PROVISIONAL DE FUNCÍONS AOS FUNCIONARIOS CON NP 77210 E 16478, ADSCRITOS Á ÁREA DE CULTURA. EXPTE. 30260/220.

Visto o informe de fiscalización do 12/07/17, dáse conta do informe-proposta do 10/07/17, da técnica de Formación e Avaliación de RR HH, conformado pola xefa da área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal:

"ANTECEDENTES

En data 21/06/2017, recibese solicitude asinada polo Concelleiro da Area de Cultura, referente a necesidade de realizar de xeito urxente unha encomenda provisional de funcións, a maiores das contempladas para os seus postos, aos empregados municipais adscritos aos postos de xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural e de encargado de Instalacións Culturais, NP 77210 e 16478 respectivamente, de xeito provisional e ata que se resolva o expediente de proposta de reestruturación dos postos dependentes da Area de Festas, modificando os contidos funcionais de ambos postos, tal e como veñe sendo solicitado dende esa Area.

As funcións a encomendar son:

1.- Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural

Xestión integral das funcións relacionadas co extinto servizo de Cultura e Bibliotecas (cesando pois a encomenda realizada no seu momento na que se condicionaba á baixa temporal da anterior xefatura do citado servizo, posto eliminado na RPT por acordo da XGL de novembro de 2016)

Xestión integral da Pinacoteca Municipal FFR, Verbum-Casa das Palabras e Centro de Arte Fotográfica de Vigo-CAFVI

Xestión do mantemento preventivo de instalacións dos equipamentos da Rede de Museos Municipais (incluíndo Museo de Castrelos, Casa das Artes e CAT; quedan excluídos os mantementos das instalacións relativas a seguridade e vixilancia de todos os centros da RMM, e as posibles obras de conservación e reparación que precisen memoria valorada ou proxecto, no Museo de Castrelos e Casa das Artes).

A dito funcionario foille encomendado por Resolución do Concelleiro Delegado de Xestión Municipal en data 19/07/2011 "as funcións de coordinación, planificación e supervisión administrativa e orzamentaria e de programación dos servizos da Área de Cultura e Festas, e asistencia á concelleira-delegada da citada área.

2.- Encargado de instalacións culturais

–Ampliación das actuais funcións que realiza en Bibliotecas Públicas e Auditorio Municipal, aos equipamentos da Rede de Museos Municipais, incluíndo as instalacións relativas a seguridade e vixilancia.

Pola Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal ordénase en instrucción do servizo á Área de Recursos Humanos e Formación a realización dos trámites administrativos necesarios para autorizar a petición formulada en relación aos citados funcionarios, con carácter transitorio e sen contido económico, ditas funcións, dentro do seu horario habitual de traballo, compatibilizando ditas funcións coas propias do seu posto de traballo de destino.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.-Artigo 73.2 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público: recolle a posibilidade legal de que as Administracións Públicas podan asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas a súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións. Por tanto, ten plena cobertura legal a atribución temporal de funcións en favor de funcionario/a público/a que reúna os requisitos previstos ao efecto na vixente RPT.

II.-Artigo 103 da vixente Constitución de 1978: obriga das Administracións Públicas de suxeición aos principios de eficiencia, xerarquía, desconcentración, descentralización e plena suxeición á Lei e ao Dereito.

A consecución da eficiencia na prestación do servizo público conleva a obriga de conciliar as necesidades derivadas do mesmo co marco legal vixente en materia de emprego público; no presente suposto, o carácter esencialmente temporal da atribución proposta conleva a adecuada cobertura provisional do exercicio das responsabilidades derivadas das funcións propias do seu posto no servizode Festas, así como aquelas que sexan necesarias para garantir a mellor calidade na prestación dos servizos.

Dado que resulta imprescindible manter o correcto funcionamento das áreas e servizos municipais en canto á administración e xestión ordinaria do mesmos, sinatura técnica, tramitación de expedientes administrativos, desenvolvemento e seguemento da actividade e programación ordinaria, entre outros; e a fin de garantir a adecuada prestación do servizo público, considérase adecuado ao marco legal vixente a atribución provisional de funcións sen retribución económica aos empregados municipais D Jesus Lopez Moure (NP 77210) adscrito ao posto Codg RTB 40 “Xefe/a de xestión e promoción cultural” e D Ramon Vazquez Martinez (NP 16478), adscrito ao posto Cdg RTB 40 “Encargado/a Instalacións Culturais”

Dita atribución provisional ten carácter limitado no tempo, cesando automaticamente coa aprobación da modificación puntual da RPT vixente e a conseguinte reorganización interna e racionalización das funcións dos postos adscritos a Area de Goberno de Cultura, establecéndose como data límite ao efecto o 31 de decembro de 2017.

III.- A presente atribución provisional non conleva gasto público, ao non levar asociada a percepción de complementos retributivos, sen prexuízo do cal, e para facilitar o exercicio da función interventora, remítese á Intervención Xeral Municipal aos efectos que procedan, en

cumprimento do preceptuado nos artigos 213 a 223 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

IV.- En consecuencia, e á vista da motivación exposta; vistas as competencias que en materia de persoal ostenta a Xunta de Goberno Local segundo o establecido no artigo 127.1, apartado h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; e previa a conformidade do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, elévase ao dito órgano colexiado a aprobación da seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“PRIMEIRO.- Atribuir provisionalmente ao funcionario municipal D Jesus Lopez Moure, (NP 77210) Xefe de xestión e Promoción Cultural, con carácter transitorio e sen contido económico, as seguintes funcións:

Xestión integral das funcións relacionadas co extinto servizo de Cultura e Bibliotecas (cesando pois a encomenda realizada no seu momento na que se condicionaba á baixa temporal da anterior xefatura do citado servizo, posto eliminado na RPT por acordo da XGL de novembro de 2016)

Xestión integral da Pinacoteca Municipal FFR, Verbum-Casa das Palabras e Centro de Arte Fotográfica de Vigo-CAFVI

Xestión do mantemento preventivo de instalacións dos equipamentos da Rede de Museos Municipais (incluíndo Museo de Castrelos, Casa das Artes e CAT; quedan excluídos os mantementos das instalacións relativas a seguridade e vixilancia de todos os centros da RMM, e as posibles obras de conservación e reparación que precisen memoria valorada ou proxecto, no Museo de Castrelos e Casa das Artes).

SEGUNDO.- Atribuir provisionalmente ao funcionario municipal D Ramon Vazquez Martinez, (NP 16478), Encargado de Instalacións Culturais, con carácter transitorio e sen contido económico, as seguintes funcións:

–Ampliación das actuais funcións que realiza en Bibliotecas Públicas e Auditorio Municipal, aos equipamentos da Rede de Museos Municipais, incluíndo as instalacións relativas a seguridade e vixilancia.

TERCEIRO.- Establecer como límite temporal da vixencia da presente autorización o momento no cal se produza a aprobación da modificación puntual da RPT vixente e a conseguinte reorganización interna e racionalización das funcións dos postos adscritos a Área de Goberno de Cultura, establecéndose como data límite ao efecto o 31 de decembro de 2017.

ordease a Área de Recursos Humanos e Formación a realización dos trámites administrativos necesarios ditas funcións, dentro do seu horario habitual de traballo, compatibilizando ditas funcións coas propias do seu posto de traballo de destino.

CUARTO.- Notificar o presente acordo ao efectivo afectado, Concelleiro/a-delegado/a das Áreas correspondentes, así como ao Comité de Persoal.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao

da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(738).- DEIXAR SEN EFECTOS A ATRIBUCIÓN TEMPORAL DE FUNCIÓNS Á FUNCIONARIA CON NP 23290. EXPTE. 30323/220.

Dáse conta do informe-proposta do 13/07/17, da técnica de Formación e Avaliación de RR HH, conformado pola xefa de área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal:

"A Xunta de Goberno Local, na sesión **ordinaria do 20 de abril de 2017**, acordou a autorización de atribución provisional de funcións sen retribución económica para a realización de funcións propias do posto de Xefa do servizo de Turismo e Industria, vacante por xubilación do seu titular, compatibilizandoas coas propias do posto ao que se atopa adscrita no servizo de Festas, así como aquelas que sexan necesarias para garantir a mellor calidade na prestación dos servizos, e sen conlevar complemento retributivo, a funcionaria con N.P. 23290, Xefa do servizo de Festas (Expte 29718-220) , establecendose como límite temporal da vixencia da presente autorización o momento no cal se produza a reorganización interna e racionalización de estruturas administrativas e a provision do posto polo sistema de Libre designación , e en todo caso o 31 de decembro de 2017

Dita encomenda basease en:

I.-Artigo 73.2 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público: recolle a posibilidade legal de que as Administracións Públicas podan asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas a súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións. Por tanto, ten plena cobertura legal a atribución temporal de funcións en favor de funcionario/a público/a que reúna os requisitos previstos ao efecto na vixente RPT.

II.-Artigo 103 da vixente Constitución de 1978: obriga das Administracións Públicas de suxeición aos principios de eficiencia, xerarquía, desconcentración, descentralización e plena suxeición á Lei e ao Dereito.

En data 12/07/2017 recibese na Área de Recursos Humanos e Formación expediente 7034/335 no que a funcionaria NP 23290 renuncia, por motivos persoais imprevistos, a encomenda de funcións do posto de xefa do servizo de Turismo e Industria.

En consecuencia, e á vista da motivación exposta; vistas as competencias que en materia de persoal ostenta a Xunta de Goberno Local segundo o establecido no artigo 127.1, apartado h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; e previa a conformidade do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, elévase ao dito órgano colexiado a aprobación da seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

"PRIMEIRO.- Deixar sin efecto, a petición da interesada, a atribución temporal de funcións realizada a funcionaria con número de persoal 23290, de realización de funcións propias do

posto de Xefa do servizo de Turismo e Industria, acordada pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 20/04/2017 (Expte 29718-220).

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao efectivo afectado, Concelleiro/a-delegado/a das Áreas correspondentes, así como ao Comité de Persoal.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(739).- RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA ACORDO DA XGL DE DATA 04/05/17, POLO QUE SE APROBARON AS BASES E A CONVOCATORIA DA BOLSA DE EMPREGO DE TÉCNICO/A DE ADMON. ESPECIAL, ECONOMISTA E ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A. EXPTE. 30232/220.

Dáse conta do informe-proposta do 17/17/17, da técnica de Admon. Xeral da área de RR HH, conformado pola xefa da área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal:

"ANTECEDENTES DE HECHO

I.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do día 4 de maio de 2017, acordou aprobar as bases específicas reitoras do proceso selectivo para os nomeamentos interinos dun técnico/a de administración especialista-economista e un/unha enxeñeiro técnico/a. Expte. 27971/220. As devanditas bases foron publicadas no BOP nº 98 de 24 de maio de 2017.

II.- O Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia (ICOIIG), con Rexistro de entrada de data 22 de xuño de 2017 (Doc. 170091789), interpón recurso de reposición contra o acordo da Xunta de Goberno Local do 4 de maio de 2017 (publicado no BOP nº 98 de 24 de maio de 2017), polo que se aprobaron as bases reitoras do proceso selectivo para os nomeamentos interinos dun técnico/a de administración especialista-economista e un/unha enxeñeiro técnico/a. Expte. 27971/220.

III.- Con data 7 de xullo de 2017 se publica no BOP "Audiencia no recurso de reposición contra as bases reitoras do procesos selectivos para formación dunha bolsa de emprego para nomeamento de funcionarios interinos enxeñeiros/as técnicos/as."

IV.- Con data 14 de xullo de 2017, o Decano do Colexio de Peritos e Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo (COITIVIGO), presenta escrito de alegacións (doc. 170102058), solicitando a desestimación do recurso.

NORMATIVA DE APLICACIÓN.

- I.- Constitución Española.
- II.- RDL 5/2015, de 30 de octubre, polo que se aproba o TR da Lei do Estatuto Básico do Empleado Público.
- III.- RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o TR de réxime local.
- IV.- Lei 2/2015, de 29 de abril, del Empleo Público de Galicia.
- V.- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- VI.- Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común.

III.- FUNDAMENTOS XURIDICOS:

I.- Lexitimación e prazo.

En canto á lexitimación para interpor o recurso de reposición, dispón o artigo 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local que, contra os actos e acordos das entidades locais que poñan fin a vía administrativa, poderán os interesados exercer as accións que procedan ante a xurisdicción competente, podendo non obstante, interpor con carácter previo e potestativo recurso de reposición. No mesmo sentido o artigo 112 da Lei 39/2015 determina que conta as resolucións e os actos de trámite cualificados poderán interpoñerse polos interesados os recursos de alzada e potestativo de reposición.

Debe a priori recoñecerse a lexitimación do ICOIIG por estar entre as súas funcións a defensa dos intereses profesionais dos colexiados. Negarlle ó Colexio recorrente lexitimación para impugnar as bases reitoras do proceso selectivo que nos ocupa, suporía cuestionar o que en realidade é un colexio profesional e por en dubida súas competencias, atribucións, funcións e fins legalmente establecidos.

O prazo de impugnación é de un mes (artigo 124 da lei 39/2015) dende a notificación ou publicación do acto ou acordo impugnado, prazo respectado polo recorrente, en tanto que o 24 de maio de 2017, foi publicado no BOP, o acordo da Xunta de Goberno Local, agora impugnado, relativo “ás bases específicas reitoras do proceso selectivo para os nomeamentos interinos dun técnico/a de administración especialista-economista e un/unha enxeñeiro técnico/a. Expte. 27971/220”, presentando o recurso o día 22 de xuño de 2017. O prazo de resolución e notificación é dun mes dende a entrada do escrito no rexistro do órgano competente para tramitalo (23 de xuño de 2017).

Resulta necesario deixar constancia de que o presente informe-proposta emítase ao abeiro do disposto no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, conténdose no mesmo a interpretación razoada e fundada en Dereito –xurídica, doutrinal e xurisprudencialmente motivada- da funcionaria suscribinte, na súa condición de técnico de Administración Xeral (rama xurídica) do Concello de Vigo; interpretación xurídica debidamente razoada ou *argumentum ad iudicium* que, como toda interpretación, resulta susceptible de ser contradita ou debatida coa correspondente argumentación xurídica a *sensu contrario*.

Por tal motivo, estímase necesario indicar que o órgano competente pode recabar, se así se estima oportuno e procedente, informe ou asesoramento adicional por parte do órgano responsable do asesoramento ao Alcalde e á Xunta de Goberno Local, nos termos do preceptuado no artigo 129 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

II.- Alegacións.

O ICOIIG interpón recurso alegando en síntese que “a titulación de enxeñeiro técnico, grao ou equivalente en calquera das ramas de enxeñería” esixida aos aspirantes na Base II 2, é excesivamente ampla; así entenden que comprende titulacións que non teñen que ver coa función do posto, referidas, sobre todo, as materias eléctrica e mecánica. Ademais entenden que a natureza das funcións a realizar, sobre todo as especialidades mecánica e eléctrica, son propias da enxeñería técnica industrial, esixe súa realización por un enxeñeiro superior (grupo A1), ó no ser posible a agrupación de varios titulados medios de cada unha das citadas especialidades.”

Sobre a base do anterior solicitan que se anule o acordo da Xunta de Goberno local de data 4 de maio de 2017, modificando o apartado e) da Base II do Anexo Dous, ó obxecto de que a titulación esixida para a admisión no proceso selectivo para a formación de bolsas de emprego que permita os nomeamentos interinos como enxeñeiro técnico, sexa a de enxeñeiro industrial ou máster nunha titulación que habilite para o exercicio da profesión de enxeñeiro industrial.

Con data 14 de xullo de 2017, o Decano do Colexio de Peritos e Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo (COITIVIGO), presenta escrito de alegacións (doc. 170102058), solicitando a desestimación do recurso, alegando en síntese que o principio de igualdade obriga ao Concello a que impida que sexan excluídos persoas con titulación e capacitación para a actuación e a función que espera o Concello nun Servizo de Tributos, que o recurso non é axustado a dereito.

III.- O principio de autoorganización da Administración Local.

O artigo 4 da Lei reguladora das Bases do Réxime Local atribúe as entidades locais a potestade de autoorganización, esta potestade, en relación coa ordenación dos recursos humanos, se concreta no TR da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público cuxo artigo 72 é do seguinte tenor literal: “En el marco de sus competencias de autoorganización, las Administraciones Públicas estructuran sus recursos humanos de acuerdo con las normas que regulan la selección, la promoción profesional, la movilidad y la distribución de funciones y conforme a lo previsto en este Capítulo.”

Non imos entrar no análise da implicación do exercicio da potestade organizatoria das Administracións Públicas no ámbito da ordenación de seu persoal, pero aos efectos que nos ocupan non é baladí destacar que o interese público na eficacia dos medios persoais das organizacións públicas, leva consigo a súa vez a eficacia de estas. No caso da potestade de autoorganización, o interese querido polo ordenamento xurídico é o da eficacia da actividade administrativa, tanto en súa vertente propiamente administrativa como presupostaria (principio de eficiencia). É dicir, o ordenamento xurídico non recoñece á Administración Pública unha autonomía para xestionar os seus asuntos, se non que atribúelle unha potestade con unha natureza finalista, e polo tanto, caracterizada pola suxeición de seu exercicio a un determinado interese público querido pola norma habilitante.

Este interese público se presenta xenericamente na Constitución (artigo 103.1) e, en unha formulación máis concreta, nas Leis administrativas.

A potestade de autoorganización ten un marcado carácter discrecional, aínda que o xuízo de oportunidade que implica toda decisión, non é allea o Dereito, se non xustamente o contrario, é precisamente o ordenamento xurídico o que da cobertura a este marxe de oportunidade da administración.

Así, cada unha das administracións públicas actúa en cumprimento dos seus fins, con personalidade xurídica única, e en función das súas necesidades, teñen competencias para planificar seus recursos humanos, ofertando as prazas necesarias e establecendo os mecanismos de selección que consideren mais idóneos para elixir aos candidatos, respectando sempre a normativa legal.

IV.- Principios de igualdade, mérito e capacidade.

O artigo 23.2 da nosa Constitución recoñece a todos os cidadáns o dereito a acceder en condicións de igualdade ás funcións e cargos públicos, con os requisitos que sinalen as leis. De este modo, o dereito a acceder a postos funcionariais se erixe nun modo de participación dos cidadáns nas Institucións públicas, conectado cos principios que, segundo o artigo 103 da Constitución Española, deben presidir o funcionamento e a organización da Administración.

O artigo 23.2 do citado corpo legal, recoñece expresamente que a lei pode suxeitar ó acceso a funcións públicas a determinados requisitos, polo que o dereito fundamental que nel se consagra non é dun dereito indiscriminado, sino de configuración legal, dentro sempre do respecto aos principios e preceptos constitucionais. De este xeito, o dereito non se lesiona si **a esixencia dos requisitos establecidos con carácter xeneral polas leis se aplica motivadamente con criterios razoables e en términos de xeneralidade que exclúan toda idea de discriminación persoal o que supoñan, por parte da Administración, restricións innecesarias para o exercicio de este dereito fundamental, debendo prevalecer en todo caso a interpretación máis favorable á efectividade de aquel.**

E na liña con o argumento anterior, é reiterada a doutrina do Tribunal Constitucional que preconiza que a interpretación dos dereitos fundamentais haberá de ser realizada no sentido máis favorable á súa máxima efectividade, e éste criterio é incompatible coa admisión de restricións que non estean suficientemente xustificadas.

Así, a predeterminación normativa das condicións para acceder á función pública de conformidade cos principios de igualdade, mérito e capacidade, ten especial transcendencia, polo que aquí interesa, dende a perspectiva do principio de igualdade que incorpora e especifica o artigo 23.2 CE como contido do dereito fundamental que recoñece e garantiza, en canto o mesmo pode resultar vulnerado cando por vía regulamentaria o a través de actos de aplicación de la lei o das normas reguladoras dos procedementos de acceso se introduzan novos requisitos ou condicións que limiten o acceso á función pública a determinados cidadáns ou grupos sen contar para elo ca necesaria habilitación lexislativa, excluíndo do goce dun dereito a aqueles aos que a Lei non excluíu. De modo que **resulta totalmente proscriba a posibilidade de que por vía regulamentaria ou mediante actos de aplicación da lei ou das normas reguladoras de acceso a un determinado posto da función pública se incorporen o engadan novos requisitos carentes de toda cobertura legal, establecendo criterios innovativos de diferenciación onde o lexislador non diferenciara, descoñecendo de esta forma o criterio igualatorio sancionado por éste** (SSTC 47/1990, de 20 Marzo; 185/1994, de 20 Xuño). Noutras palabras, a posta en conexión do artigo 23.2 CE (“... cos requisitos que sinalen as leis”) co artigo 103.3 CE (“...a lei regulará... o acceso á función pública”) obriga a concluír que tales requisitos serán establecidos mediante disposicións con rango de Lei, coa colaboración da potestade regulamentaria cos límites e condicións que xa se expresaron.

Centrándonos xa no ámbito do sector público local, o artigo 133 do Real Decreto lexislativo 781/1986, polo que se aproba o Texto Refundido da Administración Local, establece que o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local axustarase á lexislación básica do Estado sobre función pública, e establecerase tendo en conta a

conexión entre o tipo de probas a superar e a adecuación aos postos de traballo que se vaian a desempeñar, incluíndo a tal efecto as probas prácticas que sexan precisas.

Impera así a obrigatoriedade de observancia da lexislación básica ex artigo 2.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, así como a Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia (artigo 7). No non previsto na normativa estatal, aplicarase a regulamentación que para o ingreso na función pública estableza a respectiva Comunidade Autónoma, e suplementariamente, o Real Decreto 2223/1984, de 19 de decembro, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración de Estado.

Polo tanto a Administración Pública está obrigada a garantir a plena observancia de que os procesos selectivos se desenvolvan garantindo os principios de igualdade, mérito, capacidade, transparencia, publicidade e concorrencia competitiva recollidos no artigo 55 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico de Empregado Público, e demais normativa sectorial aplicable.

Así, estos principios de igualdade, mérito e capacidade no acceso ao emprego público incluídos no Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico de Empregado Público, implican a carga, para quen quere acceder a unha determinada función pública, de acreditar as capacidades, coñecementos e idoneidade esixibles para a función á que se aspira. Así o dereito de acceso ó emprego público debe garantirse mediante os citados principios, e os procesos de selección do emprego público deben ser abertos para garantir a libre concorrencia de todos aqueles que cumpran os requisitos esixidos.

V.- A titulación esixida.-

O artigo 56, no apartado e), TRLEBEP; fixa tamén como requisito xeneral de acceso o emprego público a posesión da titulación esixida.

En este sentido, o artigo 76 clasifica os corpos e escalas funcionariades en diferentes grupos, de acordo precisamente coa titulación esixida para o acceso aos mesmos. Así de conformidade co mesmo o Grupo A divídese en dous subgrupos, A1 e A2, e para o acceso aos corpos ou escalas de este Grupo se esixirá estar en posesión do título universitario de Grado. Naqueles supostos nos que a lei esixa outro título universitario será este o que se teña en conta. A clasificación dos corpos e escalas en cada subgrupo estará en función do nivel de responsabilidade das funcións a desempeñar e das características das probas de acceso.

Parece claro que a titulación necesaria para o acceso a un emprego público debe ser congruente coas funcións a desenvolver (STS de 12 de maio de 1995), é dicir, debe existir unha adecuación entre o título esixido e o traballo a desempeñar. Así a Administración Pública non é libre para admitir una titulación calquera cando o posto require unha particular preparación, sino que debe, por imperativo do artigo 103.1. da C.E. e de consecución do interese xeneral, cubrir dito posto coa persoa técnica e máis cualificada para o seu desempeño».

O órgano competente pode determinar a cualificación técnica que deben ter os que, na respectiva Administración, prestarán servizos, pero so pode establecer diferencias en razón de que a capacitación técnica sexa a adecuada á natureza de as tarefas a realizar e con carácter xeneral, é dicir, pola posesión de determinados coñecementos o titulación.

A Administración na convocatoria non pode excluír titulacións permitidas legalmente (STSJ Cataluña de 22 de outubro de 1998 [RJCA 1998, 4017]), nin pode en cada convocatoria limitar as titulacións previamente establecidas na relación de postos de traballo (STSJ Valladolid de 24 de marzo de 2000 [RJCA 2000, 836]).

O Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais estrutura as ensinanzas universitarias en tres niveis: Grado, Máster e Doctorado.

Indicando que a finalidade das ensinanzas de Grao, é, a obtención por parte do estudante dunha formación xeneral, en unha ou varias disciplinas, orientada á preparación para o exercicio de actividades de carácter profesional.

Neste punto é ilustrativa a Sentencia do Tribunal Supremo, de data 9 de Marzo de 2016, Sala Terceira, do Contencioso-administrativo, Sección 7ª: "El artículo 76 del EBEP establece sin ningún género de dudas que el título universitario de Grado es válido y suficiente para el acceso a los cuerpos y escalas funcionariais del grupo A con esta única salvedad:

"En aquellos supuestos en los que la ley exija otro título universitario será este el que se tenga en cuenta". Y en el caso aquí enjuiciado ni los actos administrativos objeto de impugnación, ni la Administración demandada en la instancia, han invocado una norma con rango de ley que establezca la necesidad de un título distinto al de Graduado para el ejercicio profesional que conlleva la plaza a la que estaba referido el proceso selectivo litigioso. Debe señalarse también, como complemento de lo que antecede, que **hay diferencias entre el ejercicio profesional en el ámbito privado y el que es inherente al desempeño de la función pública, por lo que pueden ser diferentes las exigencias de titulación dispuestas para esas dos distintas modalidades de ejercicio profesional. Y así es desde el momento en que para el ejercicio funcional no basta con la ostentación de una titulación académica, pues se exige adicionalmente la superación de unas pruebas y procedimientos selectivos dirigidos a justificar que se poseen con un elevado nivel de exigencia los conocimientos teóricos y las destrezas prácticas que son necesarios para la actividad profesional a que esté referido el puesto funcional de que se trate.** La suficiencia para el ejercicio de actividades de carácter profesional de las enseñanzas correspondientes al ciclo de Grado, así como del título de Graduado o Graduada correspondiente a ellas, lo dispone también el artículo 9.1 del Real Decreto 1393/2007, de 29 de octubre por el que se establece la ordenación de las enseñanzas universitarias oficiales, y su artículo 12.4 establece asimismo que el título de Graduado o Graduada podrá estar adscrito, entre otras, a la rama de conocimiento de "Ingeniería y Arquitectura".

Y lo anterior es coherente, por otra parte, con el proceso de construcción del Espacio Europeo de Educación Superior iniciado por la denominada Declaración de Bolonia de 1999, ya que dicha declaración señala como uno de sus objetivos la adopción de un sistema basado principalmente en dos ciclos principales, respectivamente de primer y segundo nivel, y afirma que el título otorgado al final del primer ciclo será utilizable como cualificación en el mercado laboral europeo.

5.- Frente a lo que se esgrime en los escritos de oposición al recurso de casación, no puede compartirse que la exigencia para el ejercicio profesional de una titulación distinta a la de Graduado y Graduada resulte de lo dispuesto en los artículos 37 y concordantes de la Ley 6/2001, de 21 de diciembre de Universidades ; pues tales preceptos no se pronuncian sobre la habilitación profesional que comportan los títulos universitarios"

VI.- Aplicación ao caso concreto.

Aplicando ó anteriormente exposto ás alegacións do ICOIIG recollidas no punto II dos Fundamentos Xurídicos, entende a funcionaria subscribinte que estimar súa solicitude suporía **ir absolutamente en contra de todos os principios que deben presidir a actuación das administracións públicas cando se propón seleccionar o seu persoal e que foron expostos nos puntos anteriores, así como a uniforme xurisprudencia que non deixa de reiterar que "non poden impoñerse restricións que non estean**

debidamente xustificadas, e que preconiza que a interpretación dos dereitos fundamentais debe realizarse no sentido mais favorable a súa máxima efectividade, e este criterio é incompatible coa admisión de restricións carentes de sentido.

Por outra parte o TRLEBEP (artigo 76), establece sen ningún xénero de dúbidas que o título universitario de Grado é válido e suficiente para o acceso aos corpos e escalas funcionariais do grupo A (A1 e A2), con a única salvidade dos supostos nos que a lei esixa outro título universitario será este o que se teña en conta". E resulta totalmente proscriba a posibilidade de que mediante as normas reguladoras de acceso a un determinado posto da función pública se incorporen o engadan novos requisitos carentes de toda cobertura legal, establecendo criterios innovativos de diferenciación onde o lexislador non diferenciara, descoñecendo de esta forma o criterio igualatorio sancionado por éste.

Entendo que os argumentos anteriores son suficientes para desestimar a solicitude toda vez que o que hai que xustificar e motivar son as restricións os principios de igualdade, mérito, capacidade e libre concorrencia; pero ademais temos que dicir que a inconsistencia de seus argumentos evidenciase cando indican que o temario pivota sobre "mecánica": non hai neste temario, ningún tema de mecánica e por outra parte a electricidade supón un 27% do temario específico (22% da suma do temario xeral e específico) e o 73% dos temas non gardan relación coa electricidade.

Compre sinalar que para o desempeño das funcións requiridas no programa, ningunha das titulacións académicas existentes resulta suficiente. Como pode apreciarse polo contido do temario (xeral e específico) este participa das materias de estudo de moitas das especialidades da enxeñería: No temario específico inclúense electrotecnia, informática, estatística, xestión catastral, valoración catastral, dereito tributario local e sistemas de información xeográfica. Pola contra os contidos das "materias de formación básica" de calquera das especialidades de enxeñería técnica revelan a aptitude requirida para o desempeño das funcións do programa (potencias de receptores eléctricos, medidas de potencia e enerxía, sistemas de facturación, circuitos e motores eléctricos, técnicas de medición planimétricas, xestión catastral e valoración, aplicación de ferramentas GIS a tributos municipais...), sempre e cando se complementa cun coñecemento suficiente da integridade do temario proposto (xeral e específico). Dito noutros termos, a maioría das materias anteriores incluídas no temario específico quedan fora do curriculum académico da enxeñería industrial.

O temario é multidisciplinar porque os traballos a desenvolver polo técnico que resulte da selección terán, así mesmo, ese contido multidisciplinar, e utilizando as palabras da STS de 9 de Marzo de 2016, anteriormente comentada, "para el ejercicio funcional no basta con la ostentación de una titulación académica, pues se exige adicionalmente la superación de unas pruebas y procedimientos selectivos dirigidos a justificar que se poseen con un elevado nivel de exigencia los conocimientos teóricos y las destrezas prácticas que son necesarios para la actividad profesional a que esté referido el puesto funcional de que se trate"; será por tanto la superación de ese proceso selectivo o determinante para seleccionar o aspirante coa capacidade/aptitude para o desenvolvemento das funcións que require este programa.

En atención a todo o exposto, e visto o Recurso interposto e de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Común das Administracións Públicas, e vistas as competencias recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- De conformidade con Informe-Proposta que antecede e pola motivación legal exposta, procede desestimar integramente o recurso interposto polo Colexio oficial de enxeñeiros industriais de Galicia (ICOIIG), con rexistro de entrada de data 22/06/2017 (Doc. 170091789).

Segundo.- Notifíquese o presente acordo ao recorrente, á Intervención Xeral Municipal, ao Comité de Persoal e ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, aos efectos oportunos.

Terceiro.- Proceder á publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na paxina web municipal www.vigo.org para público e xeral coñecemento, informando de que se continuará co devandito proceso selectivo, procedéndose á maior brevidade á publicación das listas provisionais de admitidos e excluídos.

Cuarto.- Contra a presente resolución, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(740).- INDEMNIZACIÓNS POR RAZÓNS DE SERVIZO DE VARIOS SERVIZOS MUNICIPAIS (GASTOS DE LOCOMOCIÓN). EXPTE. 30285/220.

Visto o informe de fiscalización do 10/07/17, dáse conta do informe-proposta 17/07/17, da técnica de Formación e Avaliación de RR HH, conformado pola xefa de área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal:

"ANTECEDENTES

Na Área de Recursos Humanos e Formación teñen sido recibidos diferentes expedientes administrativos referidos a indemnizacións por razón do servizo efectuados por persoal municipal, xuntamente cos informes acreditativos da efectiva realización dos mesmos. Ditos documentos están asinados polos correspondentes xefes/as dos servizos ou Áreas e contan coa conformidade dos Concelleiros/as-delegados/as das Áreas de goberno.

Os expedientes recibidos corresponden aos servizos municipais de Vías e Obras, Ospio, Desenvolvemento Local e Emprego, Conserxería, Mobilidade e Seguridade, Servizos Económicos (Inspección Tributos), Cemiterios, Museos, Normalización Lingüística e Educación.

En tódolos expedientes relacionados inclúese orde de servizo a cada empregado municipal para a realización dos desprazamentos en función do desempeño das tarefas do seu posto

indicando éstas en cada caso, data, identificación do empregado municipal, percorrido e número de quilómetros correspondentes a cada ún deles, así como a matrícula do vehículo utilizado nestes desprazamentos.

A efectiva realización dos desprazamentos, xunto coa veracidade na necesidade e procedencia dos mesmos en relación coa prestación do servizo público presúmese coa correspondente sinatura dos xefes dos servizos e Concelleiros/as-delegados/as dos centros xestores.

Compróbase a concordancia dos datos que figuran no sistema de control de presenza en concepto de saídas por motivos de traballo (código 02) cos datos individuais de cada un dos empregados municipais propostos así como demais ausencias (vacacións, permisos, etc).

Tendo en conta o importe unitario por Km. percorrido establecido no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e a Orden ministerial 3770/2005, de 1 de decembro, que actualiza o importe da indemnización por uso do vehículo particular, e o nº de Km. que figuran en cada unha das relacións asinadas polas xefaturas de Servizo e conformadas polos concelleiros/as-delegados correspondentes, o importe dos devanditos expedientes, nos termos dos cálculos efectuados por esta área, supón un importe de **4.659,81 €.**

A relación dos efectivos públicos municipais con dereito á percibir das indemnizacións por razón do servizo correspondentes para os períodos temporais consignados concrétese no listado subseguinte -que comeza polo empregado con número de persoal 11682 e que remata no empregado con número de persoal 19399:

| Nº Expte. | Servizo | DNI | Nº Pers | Mes/período | Importe |
|------------------|-------------|-----------|---------|-------------|----------|
| 799995 / 250 | V. O. | ****815-J | 11682 | Maio | 203,87 € |
| 3514 / 443 | OSPPIO | ****730-J | 79185 | Maio | 283,10 € |
| | | ****817-X | 17489 | Maio | 288,99 € |
| 14084-14147 / 77 | D.L.EMPREGO | ****232-R | 13920 | Maio-xuño | 87,87 € |
| 479 / 201 | CONSERXERÍA | ****162-E | 13706 | Maio | 316,73 € |
| | | ****496-H | 17822 | Maio | 313,50 € |

| Nº Expte. | Servizo | DNI | Nº Pers | Mes/período | Importe |
|-------------------|-----------------|-----------|---------|----------------|----------|
| 170061650 | MOBILIDADE-SEG. | ****643-B | 15303 | Maio-xuño | 290,70 € |
| 170078196 | | ****314-D | 15355 | Maio-xuño | 349,60 € |
| | | ****371-N | 15480 | Maio-xuño | 391,40 € |
| 34872 / 502 | SERV.ECONÓM. | ****018-D | 15510 | Maio | 266,95 € |
| | | ****726-R | 11529 | Maio | 238,07 € |
| | | ****647-F | 9550 | Maio | 277,97 € |
| | | ****131-E | 9361 | Maio | 257,64 € |
| | | ****315-S | 23656 | Maio | 272,84 € |
| 11147-11166 / 255 | CEMITERIOS | ****284-W | 76430 | Maio-xuño | 229,03 € |
| 160173637 / | MUSEOS | ****376-C | 18543 | Xan-fb-mai-xun | 40,47 € |

| Nº Expte. | Servizo | DNI | Nº Pers | Mes/período | Importe |
|--------------------------|------------------|------------|---------|-----------------|-------------------|
| 170012578 | | *****947-P | 15071 | Maio-xuño | 14,06 € |
| 170061321 / 170078999 | | *****837-V | 80072 | Xan-febreiro | 40,85 € |
| 2243 / 334 | NORM.LINGUISTICA | *****893-R | 23840 | Abril a xuño | 106,10 € |
| 170097493 / 170096595 | EDUCACIÓN | *****823-K | 19399 | Feb-mar-mai-xuñ | 390,07 € |
| TOTAL | | | | | 4.659,81 € |

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA:

I.- Artigo 32 da Lei 48/2015, do 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016.

II.- Artigos 10, 18, 20 e 21 do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

III.- Base 36ª das Bases de Execución do Orzamentos Municipais do Concello de Vigo para o exercicio económico 2016.

IV.- Artigo 219 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais: Imputación do gasto: clasificación económica 2312000 -"Gastos de Locomoción" e aplicación 337.1.23020000 "Dietas do persoal" dos vixentes Orzamentos Municipais e conseguintes Bases de Execución do Orzamentos Municipais do Concello de Vigo para o exercicio económico 2016.

V.- Artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada por Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en canto ao réxime de atribución competencial da Xunta de Goberno Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local.

En consecuencia, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO:

"Aprobar o gasto por un importe de **4.659,81€**, correspondente aos **desprazamentos** efectuados por persoal municipal en concepto de indemnizacións por razón do servizo, acreditada a súa efectiva realización nos expedientes e informes recibidos na área de Recursos Humanos e Formación, asinados polos correspondentes xefes/as dos servizos ou áreas e contan coa conformidade dos concelleiros/as-delegados/as das áreas de goberno, segundo a relación contida no cadro subseguinte -que comeza polo empregado con número de persoal 11682 e que remata no empregado con número de persoal 19399-, imputándose o gasto con cargo á clasificación económica dos vixentes Orzamentos municipais 231.2 -Gastos de Locomoción.

| Nº Expte. | Servizo | DNI | Nº Pers | Mes/período | Importe |
|-------------------|------------------|------------------------|---------|-----------------|-------------------|
| 799995 / 250 | V.O. | ****815-J ****730-J | 11682 | Maio | 203,87 € |
| 3514 / 443 | OSPIO | ****817-X | 79185 | Maio | 283,10 € |
| 14084-14147 / 77 | D.L.EMPREGO | ****232-R | 17489 | Maio | 288,99 € |
| 479 / 201 | CONSERXERÍA | ****162-E | 13920 | Maio-xuño | 87,87 € |
| 170061650 | | *****496-H | 13706 | Maio | 316,73 € |
| 170078196 | MOBILIDADE-SEG. | ****643-B | 17822 | Maio | 313,50 € |
| | | ****314-D | 15303 | Maio-xuño | 290,70 € |
| | | ****371-N | 15355 | Maio-xuño | 349,60 € |
| | | ****018-D | 15480 | Maio-xuño | 391,40 € |
| | | ****726-R | 15510 | Maio | 266,95 € |
| 34872 / 502 | SERV.ECONÓM. | ****647-F | 11529 | Maio | 238,07 € |
| | | ****131-E | 9550 | Maio | 277,97 € |
| | | ****315-S | 9361 | Maio | 257,64 € |
| 11147-11166 / 255 | CEMITERIOS | ****284-W | 23656 | Maio | 272,84 € |
| 160173637 / | | ****376-C | 76430 | Maio-xuño | 229,03 € |
| 170012578 | MUSEOS | | 18543 | Xan-fb-mai-xun | 40,47 € |
| 170061321 / | | ****947-P | 15071 | Maio-xuño | 14,06 € |
| 170078999 | | ****837-V | 80072 | Xan-febreiro | 40,85 € |
| 2243 / 334 | NORM.LINGUISTICA | ****893-R | 23840 | Abril a xuño | 106,10 € |
| 170097493 / | EDUCACIÓN | ****823-K | | | |
| 170096595 | | | 19399 | Feb-mar-mai-xuñ | 390,07 € |
| TOTAL | | | | | 4.659,81 € |

Das seguintes partidas funcionais:

| NÚM. PARTIDA | SERVIZO | TOTAL |
|--------------|---------------------------------|-------------------|
| 1532 | Vías e Obras - Ospio | 775,96 € |
| 2410 | Desenvolvemento Local e Emprego | 87,87 € |
| 9200 | Conserxería | 630,23 € |
| 1330 | Mobilidade e Seguridade | 1.031,70 € |
| 9320 | Servizos Económicos | 1.313,47 € |
| 1640 | Cemiterios | 229,03 € |
| 3371 | Museos | 95,38 € |
| 3341 | Normalización Lingüística | 106,10 € |
| 3230 | Educación | 390,07 € |
| | TOTAL | 4.659,81 € |

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(741).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e trinta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez